REVISTA DE NOVAS TECNOLÓXICAS DE GALICIA_NÚMERO 67_DECEMBRO_2008_

Código Cero

WWW.CODIGOCERO.COM

REDE DE TELECENTROS DE COMUNICACIÓN

A INTERNET DE FRONTE



INFORME INEO 2008

NOVAS CLAVES PARA SUPERAR A CRISE

TECNOLOXÍA NON EXCLUÍNTE

MÁIS ORDENADORES DE BAIXO CUSTE

GALINUX: SOFTWARE DE AQUÍ

CHEGA O SISTEMA OPERATIVO LIBRE EN GALEGO

PULO Á SUPER COMPUTACIÓN

TODO SOBRE A VINDEIRA SEDE DO CESGA

in.ci.te

traballando nunha dirección

Sistema Galego de I+D+i

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación

in.ci.te
Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010

NESTE NÚMERO...

Estamos no Nadal, entre un ano que se vai e outro que vén, e algo hai no noso subconsciente que nos obriga a dúas cousas: a estar tristes ou ledos (ou ambas as cousas á vez, todo depende do noso carácter, disposición e circunstancias) e a facer reconto de todo o acadado ao longo dos 12 meses que fican a atrás. Esta teima nosa por ollar cara a atrás, que é aplicable a todas as cousas da vida (incluídos os nosos avances en materia de afianzamento na Sociedade da Información), non ten porqué ser un movemento fixo que nos deixe ancorados no pasado e na súa consecuencia máis directa, a nostalxia. En todo caso, debemos procurar que se dea o contrario: que facer reconto nos sirva tamén para ollar cara a adiante. Ou sexa, para mellorar o conseguido e para evitar errores. O número 67 de Código Cero trata destes temas e doutros máis ou menos semellantes, pero todo visto dende unha óptica dupla: coma se estivésemos a albiscar o pasado cun ollo e co outro que nos queda o futuro. Este é o alicerce das páxinas centrais da revista, na que facemos un repaso exhaustivo por todo o acadado ao longo dos últimos meses por un dos entes públicos que ten máis competencia no dixital galego: a Secretaría Xeral de Comunicación, sobre todo a través dun dos seus órganos dependentes, a Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual. Se cadra así, nomeando os departamentos e os seus nomes non sexa posible expresármonos ben, pero a situación muda se falamos da Rede de Telecentros da Xunta, unha infraestrutura de espazos de conexión e actividades web que xa está presente (arestora) en case medio centenar de localidades galegas, o que se traduce nun dato que cómpre ter moi en conta: segundo estimacións feitas polos ditos departamentos da Xunta, é posible hoxe en día e dende calquera recanto da nosa terra, ter un acceso de balde á Internet a menos de trinta minutos do noso domicilio. Para quen queira gozar destes servizos de balde e do que nestes centros de conexión se ofrece (uns centros dos que unha parte importante da sociedade galega descoñece as súas vantaxes e funcións) non ten máis que visitar telecentros.comunicación.xunta.es ou ben, se a Internet fica lonxe, abrir esta revista e albiscar nos recadros interiores todo o relativo aos seus servizos e emprazamentos exactos. Se cadra é hora de coñecer a ciencia certa o que ofrecen estes espazos, dos que aínda hai xente que vive de costas, e ben poden ser a escusa perfecta (polo que teñen de potencial de centro de reunión) para ter un contacto máis directo coa sociedade que temos xusto ao noso arredor e, en virtude da gran vantaxe das redes, a súa universalidade, co que temos a milleiros de quilómetros de distancia. A Internet ten estas cousas: hoxe entramos na casa do veciño con arela de palique e mañá somos quen de petar na porta dos habitantes das illas máis remotas do Pacífico. E o mellor de todo: que se queremos, podemos entendernos.

Imaxe vista en Flickr*: Wall-e descubrindo a Internet*, por Photo David

Na portada, imaxe cedida por Ineo; www.ineo.org

SINATURA CONVIDADA

4 ALFABETIZACIÓN DIXITAL DE SEGUNDA XENERACIÓN , POR MANUEL J. FERNÁNDEZ IGLESIAS, DIRECTOR XERAL DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL

NOVAS

5 RESUMO DE ACTUALIDADE DE E-COMERCIO E DE EMPRESAS RELACIONADOS COAS NOVAS TECNOLOXÍA

REPORTAXES

10 NACE GALINUX, O SISTEMA OPERATIVO LIBRE E EN GALEGO

12 ASÍ SERÁ O NOVO CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN GALEGA

13 INFORME INEO: NOVAS CLAVES CONTRA A CRISE

14 O TEATRO GALEGO BUSCA O SEU ÓCO NA REDE

ESPECIAL ACHEGA TIC DA SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN

15 NOVOS TELECENTROS: A REDE A MENOS DE 30 MINUTOS

16 DAMOS CONTA DAS VANTAXES, USOS E PROVEITOS DOS TELECENTROS DE COMUNICACIÓN

18 ESCOLMA DA SITUACIÓN EXACTA DE TÓDOLOS CENTROS DE COMUNICACIÓN GALEGOS

20 ENTRÉGANSE OS GALARDÓNS DO CERTAME *"CURTAS NA REDE"*

REPORTAXES

22 ESCOLMA DAS NOVAS MÁIS DESTACADAS DO 2008 EN MATERIA DE NOVAS TECNOLOXÍAS

24 NACE UN NOVO PORTAL DE VICEPRESIDENCIA: BENESTARGALIZA.ORG

27 AFIÁNZASE A ACHEGA DE ORDENADORES DE BAIXO CUSTE. DAMOS CONTA DAS ÚLTIMAS NOVIDADES

28 PREMIOS PARA OS INTERNAUTAS MÁIS VERDES. BOSQUEVIRTUAL.COM REPITE EXPERIENCIA

29 A GALEGA DYGRA FILMS COLABORA NA PRIMEIRA CAMPAÑA PUBLICITARIA CON TECNOLOXÍA 3D

XOGOS

27 ESCOLMA DE VIDEOXOGOS DA NOSA WEB: WWW.CODIGOCERO.COM

Mándanos as túas suxestións, opinións, páxinas recomendadas, blogs ou sitios persoais ao correo electrónico: paxinas@codigocero.com. As páxinas seleccionadas recibirán de balde, por correo, a nosa revista en papel durante seis meses.

DIRECTOR_
Hosé María Fernández Pazos
director@codigocero.com

SUBDIRECTORES_
Marcus Fernández
webmaster@codigocero.com
Carlos Ballesteros
subdirector@codigocero.com

REDACTORES-XEFES_
Fernando Sarasquete
redaccion@codigocero.com
Carlos Lozano
cuetorubio@yahoo.es

FOTOGRAFÍA_
Adolfo Enríquez Calo · JoFerpa

REDACCIÓN_
Diego Rosales (Linux)
Manolo Gago (Opinión)
David Lombardía (Nova Economía)
Raquel Noya (Reportaxes)
Moncho Paz (Opinión)
Modesto Pena (Redes)
Víctor Salgado (Dereito)
Sevi Martínez (Xogos)

COLABORADORES_
Sevi Martínez, Marcus Fernández, Fernando Sarasqueta, Suso Baleato, Manuel J. Fernández Iglesias, Rubén Rodríguez e Raquel Noya.

SUPERVISIÓN LINGÜÍSTICA_
María Xesús Vázquez

DESEÑO GRÁFICO E MAQUETACIÓN_
Grupo Código Cero Comunicación
Raquel Noya _ publicidade@codigocero.com
Victor o Victoria
info@victorovictoria.com

IMPRIME_
Celta Artes Gráficas, S.L.
Rúa Colón , 30. Vigo
Tel. 986 81 46 00 · Fax 986 81 46 38

EDITA_
Grupo Código Cero Comunicación
Conxo de Arriba nº 49, 1º C
15706 Santiago de Compostela
Tel.-Fax: 981 530 268
http://www.codigocero.com
redaccion@codigocero.com

CÓDIGO CERO
REVISTA DE NOVAS TECNOLÓXICAS DE GALICIA
NÚMERO 67_DECEMBRO_2008_

Publicación periódica. Prezo 1 euro.
Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (edición dixital): 1579-7554

O "Grupo Código Cero S. L." reserva para si mesmo tódolos dereitos como autor colectivo desta publicación ó amparo dos artigos 8 e 32.1 da Lei de Propiedade Intelectual. Quedan expresamente prohibidas a reproducción, distribución e a comunicación pública da totalidade ou parte dos contidos desta publicación con fins comerciais, en calquera soporte ou por calquera medio técnico sen a autorización da editorial.

MANUEL J. FERNÁNDEZ IGLESIAS

ENXEÑEIRO DE TELECOMUNICACIÓN
DIRECTOR XERAL DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL
SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN
XUNTA DE GALICIA

ALFABETIZACIÓN DIXITAL DE SEGUNDA XENERACIÓN

Cando pensamos na alfabetización dixital e o papel que a Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual podía xogar nese proceso, a primeira reacción foi actuar segundo a concepción clásica do termo, é dicir, fomentar entre a poboación a adquisición dos coñecementos necesarios para utilizar adecuadamente as tecnoloxías da información e poder superar con elo a chamada fenda dixital, fenda que no noso país separa ás persoas que teñen acceso doado a esas tecnoloxías, das persoas que polo seu contexto socioeconomico ou xeográfico neste momento están excluídos delas.

Pero o obxectivo da alfabetización dixital ten que ir máis aló é xerar na cidadanía as habilidades necesarias para sobrevivir na actual Sociedade do Coñecemento. Por elo decidimos apostar por iniciativas multidimensionais, activas e dinámicas que van moito máis alá da simple adquisición de destrezas para utilizar o computador ou acceder á Rede e que, polo tanto, transcenden amplamente o campo da informática. Non se trata soamente de desenvolver habilidades e coñecementos, senón tamén actitudes críticas fronte o uso das tecnoloxías.

"O obxectivo da alfabetización dixital ten que ir máis aló e xerar na cidadanía as habilidades necesarias para sobrevivir na actual Sociedade da Información"

De aí o noso programa de actuacións. Trátase dun conxunto de iniciativas coordinadas que pretenden, por unha banda, achegar unha nova oferta de comunicación e formación a todas as comarcas de Galicia a través da Rede de Telecentros de Comunicación, e por outra, desenvolver accións dirixidas a dinamizar o uso das tecnoloxías da información e das comunicacións de xeito crítico e útil. Para elo despregamos a campaña Comunícate que deu acubillo a actividades lúdicas, formativas e divulgativas, organizadas por nós e polos propios usuarios das tecnoloxías, é dicir, a cidadanía de Galicia. Todo isto complementouse con ferramentas de apoio como a cartelería virtual, o portal da Rede de Telecentros, ou o portal Audiovisual de Galicia. As actividades organizadas abranguen desde cursos para a elaboración de centros florais á visita mediante videoconferencia de Papá Noel, dende a celebración de exames para obter o carné de conducir ata concursos de creación de páxinas web entre escolares traballando de xeito colaborativo a través de videoconferencia, dende xuntanzas de asociacións de profesionais dos servizos sociais ata o visionado crítico de pezas do audiovisual galego. En resumo, fomentamos o uso desas novas tecnoloxías centrándonos nun amplo abano de actividades e servizos, e non na tecnoloxía en si mesma. Primamos o espírito crítico fronte á pasividade. En definitiva, tentamos de promover unha resposta, unha mirada propia fronte unha realidade cada vez máis complexa, con variedade e multiplicidade de fontes, medios de comunicación e servizos.

A CRISE TAMÉN SE DEIXA NOTAR EN APPLE

Apple, aínda que moitos usuarios dos seus produtos opinen e desexen o contrario (no eido informático é probable que non exista unha fidelidade a unha marca concreta que se poda comparar ao dos seareiros do Mac), non está a salvo das incidencias da vida mundana. En tal caso, e facendo unha semellanza co que representa un ser humano na sociedade actual, tamén ten a súa espada particular pendurada sobre a cabeza.

En definitiva: que da crise non se libra nin o que a argallou. Segundo informa estes días o xornal La Voz, as vendas de computadores Mac descenderon en Estados Unidos un 1% no mes de novembro con referencia ao acontecido no mesmo período do ano anterior. Amais, e percorrendo o camiño inverso, sinalar que os PCs acadaron un aquel de medre: unha taxa do 2%. Os motivos deste pequeno atranco para a casa Apple non son outros que a crise, que nuns eidos e nunhas marcas semella cebarse especialmente, aínda que a tendencia, como dixemos, é que de xeito directo ou non a todo o mundo lle caia unha cruz sobre os ombreiros.

A xuízo da empresa consultora NPD Group, a caída non ten por que significar nin moito menos o comezo do afundimento da empresa. De feito, noutros eidos do sector informático segue a amosar vitalidade abonda: a venda de portátiles medrou nun 22%. Porén, e malia este bo dato, a caída nas vendas de Mac de mesa fixo que finalmente se achegasen unha taxa de medre negativa.

Polo que respecta ao seu máis directo competidor, a casa Microsoft, dicir que tampouco está como para botar bombas. Sen chegar aos niveis de caída de Apple (un 35% en equipos fixos) as cifras da empresa responsable do sistema operativo Windows agraváronse nun 15% no que se refire a comercialización de ordenadores de mesa. A este respecto e sen saír dos computadores fixos, a media de agravamento entre unhas empresas e outras nos Estados Unidos situouse nunha taxa do 20%.

A PARTIR DE XANEIRO O BOE SÓ SE PODERÁ CONSULTAR NA WEB

O vindeiro 1 de xaneiro o Boletín Oficial do Estado (BOE) pasará páxina de cesará da súa impresión, distribución e venda en formato papel, acadando a súa edición electrónico plena validez xurídica conforme establece o artigo 13 do Real Decreto 181/2008 do 8 de febreiro, mentres que o Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) tamén fará o propio atendendo ao artigo 5 do Real Decreto 1979/2008 do 8 de decembro.

Os diarios oficiais estatais só contarán con reproducións impresas destinadas á súa conservación e custodia, mentres que os cidadáns deberán consultalos a través das súas páxinas web, onde estarán accesibles diariamente e de balde.

A partir do 1 de xaneiro de 20009 quedarán canceladas non só as edicións en papel do BOE e do BORME, senón tamén os CD de IBERLEX, MAPLEXTER, CD BOE, Jurisprudencia Constitucional, BOE e BORME en microfichas, quedando a web como única plataforma de consulta oficial. As persoas que desexen arquivar os contidos do diario oficial en soporte externo á web poderán adquirir un DVD que se editará ao remate de cada ano, que se editará mentres exista a demanda suficiente deste produto.

Na web do diario tamén se pode ler un anuncio que se concreta na frase «*o BOE pasa páxina... e nos adaptamos aos novos tempos*» concretándose que «*a partir do 1 de xaneiro, o noso papel segue na Internet*».

60 CONCELLOS GALEGOS ESTREARON TDT EN DECEMBRO

O director xeral de Comunicación Audiovisual visitou recentemente a carpa sobre novas tecnoloxías instalada pola Secretaría Xeral de Comunicación e Retegal S.A. na Alameda de Santiago, onde avanzou que 60 concellos galegos realizaron o acendido dixital neste mes de decembro polo que «*imos por diante na implantación da TDT*» grazas ao esforzo da administración, as empresas e o operador público de telecomunicacións Retegal.

Esta iniciativa pon punto e final á campaña divulgativa sobre a TDT que nos pasados meses percorreu os concellos galegos nos que primeiro se vai levar a cabo o acendido dixital, nos que están 16 concellos de Ourense Este, 39 da demarcación de Santiago e 5 de Pontevedra.

Fernández Iglesias tamén lembrou que a TDT é unha tecnoloxía de substitución, «*polo que cómpre ir adaptándose para a súa recepción canto antes*», e aínda que o apagamento analóxico estea previsto para o 30 de abril de 2010, Santiago de Compostela e Ourense Este adiantarán este acontecemento como mínimo 6 meses, seguindo os pasos de A Fonsagrada na dixitalización da televisión.s.

GALICIA PROFUNDA ANIMA Á COMUNIDADE WEB GALEGA A ELIXIR AO SEU FRIKI PREFERIDO

Se houbese unha liña máis ou menos clara entre un comportamento humano estándar e os diferentes camiños do proceder insólito, os personaxes que engrosan estes días o miolo da web Galicia Profunda terían cruzado un día si e outro tamén. Practicamente, e para algúns destes casos concretos de actividade social anti-globalizadora (polo que ten de defensa do particular perante o uniforme, do individuo fronte á colectividade que é idéntica), estamos a falar de xente á que xa non lle interesa para nada recuar cara ao que poderíamos entender como lado corrente da liña. A nosa terra non é unha excepción disto: exemplos de comportamentos que exceden as supostas normas hainos a esgalla, e sen que sexa preciso irmonos cara ao mediático: todo o mundo ten no seu barrio, vila ou aldea a alguén afeito a cruzar a devandita raia. Para Galicia Profunda, como dixemos, é importante facerlles unha homenaxe, de aí o lanzamento na Internet dos Premios 100% Friki Galego, unha oportunidade para (en palabras dos propios organizadores) achegar a estes colectivos un recoñecemento máis que merecido. Para esta primeira convocatoria, sinalan, xa hai catro categorías establecidas: o friki galego por antonomasia ("o rei de reis do Frikismo céltico"), o político máis peculiar, a nova galega máis estraña do que vai de 2008 e o vídeo galego máis impactante dos pendurados na Rede.

Os internautas que estean interesados en participar xa poden deixar o seu voto o comentario no blog de Galicia Profunda ou ben enviando un correo á conta galiciaprofunda@gmail.com. Por certo que os responsables do certame queren tirarlle o máximo partido á participación: sortearase entre os internautas que envíen achegas unha postal electrónica e máis unha camiseta que inclúan unha montaxe co friki galego por antonomasia que saia finalmente escollido. A iniciativa, que aparece estes días referenciada na comunidade Chuza!, inclúe (para poñérmonos ao día antes de votar) vídeos de personaxes senlleiros da heterodoxia galega, como Cañita Brava ou o recentemente desaparecido John Balan, representante máximo dun xénero artístico de vangarda que el mesmo inventou: o surrealismo-western.

EN MARCHA A SEGUNDA EDICIÓN DO CONCURSO LITERARIO-INTERNAUTA PARA RESUMIR UN ANO EN 365 PALABRAS

As palabras, para os bos escritores, non se poden escribir á lixeira. Ser conciso, dicir máis con menos e ir ao miolo do que se quere expresar é algo que teñen en común os escritores cunha manchea de usuarios de ferramentas tecnolóxicas. Esta teima por sintetizar, que é máis vella cá telegrama (hai que situala se cadra na primeira escritura en pedra, proceso para o que dificilmente estarían capacitados os seareiros dos monólogos-palique), está a acadar na Sociedade da Información unha nova era de ouro. A fin de contas, a propia Sociedade da Información obriga a iso: nunha morea de datos só van ser lidos os que vaian ao gran. Celebrar isto –entre outras cousas- é precisamente o cometido da Escuela de Escritores e de Atrápalo, que veñen de convocar o certame 1 ano nun post, un concurso no que xa están mobilizados 215 internautas e que consiste en procurar o mellor resumo dos acontecementos do ano cun mínimo de palabras. Concretamente unha por cada día do ano: 365. O certame, que chega agora á súa segunda edición, arrancou o pasado 13 de novembro e mantén aberto o prazo de entrega de traballos até o 31 de decembro. Segundo sinalan os organizadores, a convocatoria ten o gran obxectivo de animar aos internautas a ler e crear bitácoras persoais, amais de promover o intercambio de coñecemento e a interacción. Para as interesadas e interesados en participar, dicirlles que quen gañe o concurso será recoñecido cunha viaxe a Nova York. O ano pasado inscribíronse no evento case 300 bloggers de todo o estado español. Quen queira seguir as novidades do concurso literario-internauta pode facelo dende el blog de Atrápalo, onde se dá conta das últimas novidades do concurso e se achega a posibilidade de realizar as votacións dos mellores textos presentados.

DUOIN PRESENTA EN ESPAÑA UN TELÉFONO-AURICULAR DE DESEÑO

A tecnoloxía en todas as súas manifestacións non está ceiba dun compoñente de nostalxia. Ou mellor dito: o usuario de tecnoloxía, por moito que olle cara a adiante e se empeñen en facelo, está ligado de xeito irremediable aos aparellos do pasado. A fin de contas, aínda que as máquinas, os electrodomésticos e os trebellos en xeral sexan indiferentes, nós non o somos. Quen non lembra con saudade os coches da nenez? Quen non garda aínda na casa un vello tocadiscos, unha radio antiga ou un computador dos que se comezaron a vender de xeito masivo a principios dos anos oitenta? Precisamente, tentando aproveitar esta vea nostálxica do cidadán medio da Sociedade da Información, dun tempo a esta parte estanse a rexistrar un caso tras outro de recuperación de vellas feituras do pasado para a nova orde comunicativa do presente. Un exemplo disto é a liña de produtos que está a comercializar en España Duoln e que consisten basicamente nunha aplicación á telefonía do espírito retro comercial. Os aparellos en cuestión, que aparecen referenciados en El Navegante, semellan feitos á medida de quen queira parar a máquina da evolución tecnolóxica pero sen parala de todo.

De feito, a empresa responsable do seu desenvolvemento estivo en boa medida atenta aos novos tempos: o teléfono Hulger con carcasa de baquelita non é outra cousa que un auricular para conectar o móbil ou ao PC.

O trebello, aparte de todo o devandito, semella ter vantaxes e desvantaxes, estas últimas admitidas pola propia firma fabricante e especialmente ligadas á escasa comodidade que achega para carretalo dun lugar a ouro igual que facemos decote cos móbiles. Ao seu favor, din os responsables do teléfono, non é preciso achegalo á nosa orella para empregalo, polo que nos estaremos coidando ben de non sermos sometidos ás hipotéticas radiacións emitidas por un dispositivo convencional.



A POLAROID DECLÁRASE EN BANCARROTA

A crise non perdoa nin ten miramentos. Hoxe a uns, mañá a outros. Os que máis estean ligados a estruturas de produción, xestión e distribución tradicionais son os que o teñen máis cru, pero nada hai que asegure que os outros, os que apostan máis decididamente polo coñecemento dixital e os novos recursos, vaian ficar indemnes. A casa Polaroid, unha empresa situada no punto exacto entre o mundo que se vai e o que chega, vén de constituír o que probablemente sexa unha nova caída no eido internacional da crise socioeconómica. Máis polo miúdo, e segundo informa Reuters, a empresa de lecer e electrónica vén de declarase en bancarrota. O obxectivo: deixar máis marxe para a súa reestruturación.

A crise da empresa, que significa algo máis que unha simple caída (con esta empresa índose a pique, pérdese unha maneira de entender a fotografía que marcou a xeracións: a que viña da man das súas xa míticas cámaras instantáneas), non foi debida á situación xenérica da economía mundial senón que veu por mor dun acontecemento ben concreto: a caída de Petters Group Worldwide, propietaria da compañía dende 2005.

A empresa Polaroid, que a diferenza de outras como Canon non soubo ou non puído afacerse ben aos tempos da fotografía dixital e dos recursos en liña, sinalou nun comunicado a raíz exacta do problema: "O fundador de Petters está baixo investigación por supostos actos de fraude que comprometeron o estado financeiro de Polaroid e de outras entidades propiedade de Petters Group". En base a isto, engade a compañía co fin de deixar claro o seu papel na polémica, *"Polaroid e o seu equipo directivo non estarán suxeitos á actual investigación relacionada con Petters Group"*.

O SOLDADIÑO DE CHUMBO DE CONTINENTAL, PRESENTADO EN YOUTUBE

Para situar o día a día dun trebello para o lecer, se cadra poucos escenarios hai tan apropiados como o Museo do Xoguete de Allariz. Este é precisamente o espazo elixido polos creadores da curtametraxe de animación O soldadiño de chumbo para situar a acción da súa proposta audiovisual, e, tamén, para dala a coñecer perante o público máis próximo e o máis afastado (a comunidade internauta xa pode ver un avance da obra no YouTube). O filme, que foi presentado este venres no privilexiado recinto expositivo da vila ourensá e na Casa da Cultura, vén da man das produtoras galegas Continental e Algarabía e dos directores Virgina Curiá e Tomás Conde. Segundo se fixo saber no acto de posta en longo, o feito de tratarse dunha curtametraxe (baseada no relato de Hans Christian Andersen) non puxo atrancos á contribución dunha boa dose de talento.

En todo caso, semella que lle deu un pulo: para o deseño de personaxes, O soldadiño de chumbo contou co labor de Alfonso Costa, encargándose o músico e empresario Emilio Aragón das achegas compositivas e musicais (a engadir á experiencia creativa previa con outro traballo de Continental, A flor máis grande do mundo, dirixida por Juan Pablo Etcheverry).

Polo que respecta á dobraxe, dicir que correu a cargo dos galegos Luís Piedrahita (no papel do Soldadiño) e Manuel Manquiña (como o Cigarrón). Na presentación da curta fixeron acto de presenza os directores Virginia Cúria e Tomás Conde, o deseñador dos personaxes Alfonso Costa e o produtor e produtora executiva de Continental; Pancho Casal e Chelo Loureiro, respectivamente. Ao longo do acto de posta en longo, fóronse achegando paseniño pero sen pausa algúns dos segredos máis salientables desta curta galega:

- Foron precisos para o seu remate doce meses de traballo, unha longa serie de metros de plastilina e 18.000 tomas fotográficas dixitais.
- O soldadiño de chumbo de Andersen foi transformado desta volta nun mozo galego que, igual ca no conto do escritor danés, está namorado dunha bailarina. Porén, e malia que o alicerce é semellante, os responsables da curta permitíronse unha serie de adaptacións aos novos tempos e á nova xeografía-escenario dos feitos (a nosa). Por exemplo, o malo da obra xa non é un bufón senón un cigarrón do Entroido de Verín.

INEO PUBLICARÁ UNHA ESCOLMA DE RECURSOS PARA INCREMENTAR A PRODUTIVIDADE

A asociación empresarial Ineo segue a dar conta das principais ferramentas e recursos para incrementar a capacidade de medre das empresas galegas, con independencia do sector ao que pertenzan. Máis polo miúdo, a entidade con sede na Zona Franca de Vigo ten previsto presentar o vindeiro 17 de decembro ás 16.30 a Análise de Factores de competitividade. O encontro cos medios e cos representantes do tecido empresarial galego celebrarase na sede de Ineo, na Área Portuaria de Bouzas, e contará coa presenza de Jorge Cebreiros, presidente da asociación; José Ramón Fernández Antonio, conselleiro de Economía; Álvaro Álvarez Blázquez, director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e Teresa Pisano Avello, delegada do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo.

Para máis datos, cómpre poñerse en contacto coa entidade empresarial organizadora a través do teléfono 902 905 510 ou da conta de correo electrónico comunicación@ineo.org. .


TÓCACHE!
EN GALEGO TES TODO POR VIVIR
E LOGO!
Bicos, libros, discos, xoguetes.
Un agasallo é tenrura.
XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística
palabrasencadeadas.com

A MÚSICA LEGAL EN LIÑA SUMA E SEGUE: MÁIS DE 1.000 MILLÓNS DE DESCARGAS

A industria da música que está a apostar seriamente polas novas canles de distribución dixital vén de dar un novo informe sobre os seus logros. Para comezar: estes, como era previsible, non teñen nada que ver co que se está a acadar na sección do sector que mantén aínda activos os métodos tradicionais de comercialización: unha costa abaixo imparable en cuestión de vendas. A nova orde de cousas non fai máis que confirmar a necesidade de cambio de rumbo dunha industria que tentou manter vida á galiña dos ovos de ouro durante tempo de máis (aqueles CDs a 20 euros que aínda agora, con todo o que hai á nosa disposición, podemos ver nas tendas): a venda de música en liña superou xa os 1.000 millóns de descargas legais. Esta cifra, que non significa o trunfo do libre intercambio de cancións a través das redes P2P (falamos de canles autorizadas polas industrias e polas sociedades de xestión de dereitos), constitúe en cambio un sinal de certa evolución e dunha serie de vantaxes para os seareiros, que nalgúns casos (non en todos) poden aforrar uns cantos euros e contan (xeralmente) cun catálogo máis amplo á súa disposición. A isto hai que engadir outro factor: a accesibilidade e doado que é logo empregar esas cancións en diferentes reprodutores.

Pero hai máis. Segundo sinala a empresa Nielsen SoundScan, cando remate este ano que enfía a recta final, os consumidores de Estados Unidos terán no seu haber un total de 1.040 descargas en liña polo legal. De entre todos os ficheiros adquiridos, o máis solicitado foi o da solista británica Leona Lewis: o seu single Bleeding Love, que xa pasou en EE UU a barreira dos 3,3 millóns de copias comercializadas a través da Rede. O éxito desta cantante, na liña dos concursantes de Operación Triunfo e do empacho de adobíos e alardes vocais que semella lles son propios, confirma o que se agardaba en materia de contidos e calidades do novo trasfego musical en liña: que aínda que o formato e a canle de distribución mude, o fondo fica igual. Ou sexa, que o que máis se vende a través da Internet non difire en case nada dos supervendas de Nadal nas tendas. Se cadra é o intre de agardar unha escolma de Pimpinela no ranking en liña.



O GOBERNO DE BRASIL DISTRIBUIRÁ NAS ESCOLAS 150.000 COMPUTADORES DE BAIXO CUSTE

Se os días pasados demos conta nesta web do aforro acadado polas institucións públicas brasileiras en materia de recursos tecnolóxicos e de xestión informática grazas ao software libre, agora temos novos datos sobre os plans do Goberno daquel país en materia de investimento en programación aberta. A información, que nos chega da man de Mancomún e de Softwarelivre.org, refírese máis en detalle á previsión de orzamentos e adquisición de adquisición de software e de equipos: serán en total 150.000 computadores con programas libres os que se porán en xogo, a distribuír entre 300 escolas públicas do país. A iniciativa, presentada esta semana polo Goberno, apoiarase nunha contía monetaria de 30 millóns de euros, orzamento que para a envergadura do proxecto non semella moi alto, o que se explica precisamente pola propia natureza do software libre: reduce de xeito sensible calquera gasto público que se queira facer en eAdministración ou en reducir a fenda dixital.

Máis polo miúdo e para que se entenda, cada un dos ordenadores populares suxeitos ao dito programa de distribución terá un custe de 200 euros por unidade, un prezo situado moi por debaixo do que sería previsible no caso de ter botado man de software con licenzas pechadas.

Segundo sinala a dita web brasileira, os 200 euros incorporarán o custe de cada aparello e as súas respectivas taxas, a entrega nas escolas, a garantía dun ano, o servizo de mantemento e a configuración. No plano máis técnico, os computadores contarán coa achega tecnolóxica da empresa Comsat (adxudicataria) e serán do modelo Mobilis da firma india Encore. Asemade, incluirán 512 megabytes de memoria RAM, disco duro dun xigabyte, pantalla LCD de sete polgadas, dispositivo de rede sen fíos e programas informáticos de licenza libre e código aberto. Esta nova iniciativa a prol do código aberto e máis concretamente a prol da inclusión na Sociedade do Coñecemento e amplas franxas de poboación en situación de risco dixital insírese dentro dun programa educativo-tecnolóxico máis amplo, Un computador por alumno..

APREIXADO O AUTOR DO VÍDEO PORNO CHINÉS QUE BURLOU A CENSURA

Ás autoridades de China semella que en materia de filtros en liña para contidos sexuais non se lles escapa unha. O caso é que a censura chinesa volveu á carga os días pasados e fíxoo cun vídeo que case lle pasa desapercibido e que, en realidade, morreu de éxito. Falamos da curta sobre unha rapaza de Shanghai coñecida como Kappa Girl e que entre outras características que lle eran propias, incorporaba certos contidos sexuais que para as bempensantes autoridades do país deberon ser comparables a unha crise de importancia nacional (en realidade todo apunta a que lles importou máis o escándalo moral xerado cós danos sufridos pola persoa que aparecía no vídeo, que certamente se deron e foron graves). Resultado: o presentou autor do vídeo, que por certo tivo un gran éxito de descargas na Rede chinesa, xa está en mans da policía, e dous meses despois de telo posto en liña. Segundo conta El Navegante facéndose eco de datos achegados pola Oficina de Seguridade Pública chinesa ó xornal Shanghai Daily, o sospeitoso atópase neste intre baixo custodia polo delito de ter subministrado material pornográfico.

O detido, que gravou o vídeo e logo, enviándollo a un amigo seu, perdeu o control sobre o mesmo (premeditadamente o non, foi dar ás pantallas de centos de milleiros de internautas chineses a través das redes P2P), ten como protagonista a unha moza coñecida co alcume de Kappa nü e que traballaba daquela nun establecemento deportivo do centro da dita cidade.

Por certo que a rapaza non só tivo que aturar as visitas de centos de seareiros da peza audiovisual en cuestión (posto que no vídeo figuraban datos persoais sobre ela), senón que logo foi despedida do seu traballo. A historia, segundo informa o dito xornal, aínda deu para máis xiros argumentais (dous meses de protagonismo na Rede dan para moito): a rapaza, logo do despido, advertiu no seu blog persoal que tiña pensado tirar partido da súa repentina sona. De feito, xa ten publicadas as tarifas por se alguén se interesa por ela como modelo ou relacións públicas.

A DXT MELLORARÁ O SEU LABOR DE PREDICIÓN E ESTUDO DO TRÁFICO GRAZAS AO LABOR DO CESGA

O Centro de Supercomputación de Galicia e a Dirección Xeral de Tráfico veñen de levar a cabo un movemento 2.0 a prol da participación conxunta de departamentos e a non duplicación de infraestruturas. A idea, máis polo miúdo, é desenvolver un marco de traballo colaborativo que incremente as súas mutuas potencialidades: na forma e no contido. O acordo, que foi dado a coñecer hoxe mesmo na sede do CESGA en Santiago, ten nun principio unha validez para dez anos. Ao longo deste tempo está programada xa a posta en común de recursos de interese para as dúas partes: o CESGA concorrerá en boa medida con equipos de supercomputación e almacenamento de importancia crucial para a mellora na xestión e tratamento de datos da DXT, e a Dirección Xeral achegará unha parte fundamental da infraestrutura precisa (xa existente) para incrementar a rede de comunicacións que o centro galego xestiona.

Durante o acto de presentación deste acordo, que contou coa participación de Salustiano Mato (presidente do CESGA e director xeral de I+D) e Pedro J. Pastor (xefe provincial de Tráfico na Coruña), déronse a coñecer exemplos prácticos sobre as consecuencias a medio prazo deste convenio. No caso da DXT, sinalou Pedro J. Pastor, coa axuda dos equipos e do persoal do CESGA poderanse mellorar as informacións sobre os fluxos de saída de tráfico en tempo moito máis reducido (minuto a minuto) que até o de agora, e, ademais, será posible manexar de xeito máis doado a gran cantidade de datos que se poden extraer dun accidente. Desta maneira, as infraestruturas galegas en materia de supercomputación contribuirán a poñer en relación os datos tirados dun elevado número de sinistros, axudando en último paso a reducilos e mesmo, a longo prazo, a eliminalos. Neste senso, dixo Pastor, a axuda do CESGA é precisamente máis necesaria ca nunca, tendo en conta o tamaño das bases de datos da DXT e os recursos de cálculo que en consonancia se precisan.

CONSEGUE XA A TÚA SUBVENCIÓN

PLAN RENOVE DE FIESTRAS

Axudas para a substitución de fiestras.

Requisitos:

. Dispoñer de marcado CE

. Dobre acristalamento con cámara de 6 mm ou superior

. Carpintería de Madeira, de PVC ou metálica con rotura de ponte térmico de 4 mm ou superior

SUBVENCIÓN DE ATA UN 25 % DO PRESUPOSTO

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:
DO 1 DE FEBREIRO ATA O 30 DE XULLO DE 2009
OU ATA REMATE DE FONDOS

ORZAMENTO DESTINADO: 500.000 EUROS

BUSCA OS ESTABLECEMENTOS CON ESTE DISTINTIVO →

AFORRA ENERXÍA RENOVANDO AS TÚAS FIESTRAS

Estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España (E4)
Plan de acción 2008-2012

Máis información en www.inega.es/planrenove

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

inega
INSTITUTO ENERGÉTICO DE GALICIA

IDAE

GALINUX

GALEGUISMO VIRTUAL

INNOVACIÓN, MANCOMÚN E OS GRUPOS DE USUARIOS E DESEÑADORES DE SOFTWARE LIBRE [GGULS] PRESENTAN O SISTEMA OPERATIVO ABERTO NA NOSA LINGUA

Se ben é certo que calquera época do ano é boa para recibir un agasallo, tamén o é que polo Nadal sempre o agradecemos máis e dámoslle máis mérito que noutras datas, Sobre todo porque despois de tanto gasto [en España é onde definitivamente máis se gasta neste tipo de celebracións] a todos nos gusta vernos un pouquichiño recompensados.

Se a isto lle engadimos a situación de crise económica na que estamos mergullados a nivel mundial, a cousa complícase e os galanos agradécense máis, se cabe, moito máis.

Discos, calcetíns, DVD, MP4, panos de man, perfumes… son moitas as cousas coas que os nosos seres queridos e amigos nos poden amosar o seu afecto e agarimo (e viceversa) sen ter que botar man de maxín de máis. Con todo, desta volta, o presente en concreto do que imos falar é moito máis interesante, útil e sobre todo meritorio.

Captura da pantalla do ordenador no momento da instalación de Galinux

Trátase, nada máis e nada menos que do Galinux (http://galinux.mancomun.org), un completo sistema operativo de fontes abertas configurado para facilitarnos a todos os galegos e galegas o uso do ordenador integramente na nosa lingua, e con aplicacións libres e de balde.

A ferramenta foi presentada recentemente polo conselleiro de Innovación, Fernando Blanco, en Santiago de Compostela e con ela, Mancomún, o Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza, pretenden ofrecerlle á cidadanía galega e en xeral aos responsables de empresas e da administración pública en particular, un escritorio ofimático multimedia de fácil manexo e integramente na súa lingua nai.

> Este novo sistema operativo, fiable e completamente en galego, está baseado en Ubuntu e incorpora ferramentas propias

Este novo sistema operativo fiable e completamente en galego está baseado en Ubuntu e, ademais de tódalas funcionalidades típicas dun sistema operativo privado, incorpora os principais aplicativos, como o popular navegador web Firefox, as aplicacións de ofimática incluídas no OpenOffice.org, un corrector ortográfico de galego, clientes de correo electrónico, un programa de retoque fotográfico, reprodutores de son e vídeo, gravador de CD e DVD… todo con actualizacións permanentes de balde, que serán distribuídas cada certo tempo para manter o equipo ao día.

Esta iniciativa xorde co propósito de dar resposta a unha demanda crecente de recursos e servizos libres por parte da comunidade galega e foi posible grazas

Canles de distribución

Innovación e Industria acompaña o lanzamento do Galinux, *"o Linux que Fala galego"*, con toda unha serie de medidas para fomentar o seu emprego a todo nivel, integradas dentro dos cometidos asignados ao Centro de Referencia e Servizos [Mancomún].

Deste xeito, ademais da descarga habilitada desta aplicación dende a páxina web de Mancomún, serán distribuídas de balde ata 5.000 unidades do novo sistema operativo entre a cidadanía, a través dos centros da Rede de Dinamización da Sociedade da Información, das asociacións e das oficinas universitarias de software libre.

Claudio Filho, responsable da migración a software libre en Brasil no momento da presentación do Galinux en Santiago de Compostela

ao traballo do dito centro Mancomún, organismo dependente da Consellaría de Innovación e Industria, en colaboración coa comunidade galega de usuarios e de deseñadores de software libre (GGULs), que achegou os seus coñecementos de código libre e a súa experiencia neste eido.

Neste evento sen precedentes na nosa terra, o conselleiro nacionalista explicou que o seu departamento "*vén apostando decididamente pola introdución das tecnoloxías libres e os estándares abertos en todos os ámbitos da sociedade galega"* e engadiu que a promoción do Galinux supón a maiores "*unha oportunidade no actual escenario de crise económica ao apostar pola innovación empresarial, a internacionalización, a competitividade e a potenciación do sector TIC".*

> "Innovación e Industria vén apostando decididamente pola introducción das tecnoloxías libres en tódolos ámbitos da sociedade galega"

Fernando Blanco engadiu que o seu departamento está a achegar entre os anos 2008 e 2009 un volume total de recursos de 2,3 millóns de euros para as diferentes iniciativas de software libre vehiculizadas a través de Mancomún e da creación das tres oficinas universitarias. O conselleiro ofreceu, asemade, os datos estatísticos que constatan *"os bos resultados"* das políticas desenvolvidas neste ámbito de actuación. Así, segundo os datos do INE do pasado mes de outubro, Galiza é líder no Estado na implantación de software libre nos sistemas operativos das pequenas e medianas empresas (cun 8,2% fronte ao 7,8% de media no Estado español). Os datos dos que dispón pola súa banda o Observatorio Galego da Sociedade da Información indican que un terzo das empresas galegas dispoñen dalgún tipo de ferramenta informática aberta, cun medre do 48% no último ano e máis que triplicando os valores respecto a 2006. Cómpre salientar ademais que este avance estase a producir sobre todo nas pequenas firmas, aquelas que teñen entre 10 e 49 traballadores, o que indica que o segmento evoluciona positivamente e é quen de seguir a implantación acadada nas empresas de maior tamaño.

No acto tamén participou a directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, Helena Veiguela, quen agradeceu o *"incansable"* traballo que realizan todas aquelas persoas "*sensibilizadas"* coa introdución da programación aberta na nosa comunidade que fan posible que sexamos *"máis independentes tecnoloxicamente falando"*.

Fernando Blanco e Helena Veiguela durante o acto de presentación do Galinux en Santiago de Compostela

Trala intervención de Veiguela, os asistentes puideron escoitar, e se cabe ata sorprenderse, coas declaracións en primeira persoa de Claudio Filho, responsable do BrOffice e migración masiva de escritorios en Brasil, quen contou a súa propia experiencia no traballo da adaptación cara ao software libre de tódalas aplicacións informáticas e sistemas operativos que empregaban os sectores da administración pública do seu país, o cal, dixo, *"non foi unha tarefa doada mais si moi satisfactoria".*

Tralo acto de presentación de Galinux, Suso Baleato moderou unha mesa redonda á que asistiron distintas personalidades do ámbito do Software Libre en Galicia

Galinux: o metapaquete de AraOS

Dende o punto de vista da persoa que emprega Galinux, trátase dun sistema operativo completo en galego de fácil uso e sen maiores complexidades; mais dende o punto de vista técnico, Galinux é o resultado dunha innovación tecnolóxica que xurdiu dun traballo de prototipado realizado polo persoal de Mancomún pertencente ao Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA): o AraOS.

Este é, tecnicamente, un "metapaquete" que define un paradigma funcional de escritorio ofimático multimedia en galego, o que fai posible a creación de adaptacións específicas para cubrir necesidades de índole moi diversa e en sectores moi específicos (tales como a hostalería, as micropemes, comercios, educación, sanidade ou aulas informáticas), de xeito doado e a baixo custe.

O nome procede de mesturar o do coñecido pingüín galego, o Arao (Uria Aalgae) coas siglas OS (Operative System), seguindo a tradición da comunidade de software libre que identifica o Linux cun destes animais.

Que é o software libre (en só 59 segundos)?

Por Suso Baleato, coordinador de Mancomún

Paseniño si, pero con firmeza, o software libre vai acadando cada vez máis presenza na sociedade. Resulta natural que esperte o interese da cidadanía e se cadra por iso, para darlle resposta a esa demanda, propóñenme dende o Diario Cultural da nosa Radio Galega o reto de explicar en menos dun minuto qué cousa é que vén sendo esa do software libre. Consciente da capacidade que a radio ten pra chegar a todos os recunchos do país atopeime inmerso na insospeitada aventura de –cronómetro en man– preparar un guión capaz de transmitir a cerna do conceito. Eis eiquí o resultado; xulguen vostedes se o conseguín e noutro caso fagan a súa achega, que as suxestións son sempre benvidas.

O software libre é ese conxunto de programas informáticos distribuídos baixo os termos dunha licenza que nos cede os dereitos de uso e de explotación desa obra permitíndonos legalmente facer cousas como descargar eses programas da internet, instalalos e utilizalos en calquera computadora, por suposto copialos e redistribuílos sen nengún tipo de restricións e sobre todo: entrar dentro do aplicativo –no seu código fonte– para ver como funciona exactamente, de tal maneira que se detectamos algún erro ou se queremos mellorar o seu funcionamento teñamos a posibilidade técnica e legal de facelo, podendo despois compartir esa mellora.

Estes dereitos que nos outorga o software libre teñen unha importancia vital para a nosa cultura porque nos permite facer cousas como traducir eses programas ao noso propio idioma e por tanto, facer viábel a nosa identidade nese novo contexto definido pola sociedade da información e do coñecemento, onde o que existe é o que temos diante da pantalla.

Socialmente xusto, economicamente sustentábel; esas son as características fundamentais do software libre.



SUPERCOMPUTACIÓN GALEGA ASEGURADA

O PROXECTO DE VALENCIANO CARLOS MERI GAÑA O CONCURSO PARA A CONSTRUCIÓN DO NOVO CESGA, NO POLÍGONO DA SIONLLA EN SANTIAGO

O Centro de Supercomputación de Galicia, situado actualmente no Campus Sur de Santiago de Compostela, vai contar en breve cun novo emprazamento. Precisamente deste traslado dos equipos humanos técnicos e das características xerais que terá o novo edificio veñen de falar perante os medios informativos o conselleiro de Industria, Fernando Blanco, e máis o coordinador institucional do Consello Superior de Investigacións Científicas en Galicia, Uxío Labarta.

Ámbolos dous representantes do tecido público da innovación coincidiron na importancia estratéxica para a investigación galega deste novo chanzo na traxectoria do CESGA e, máis polo miúdo, para os labores vinculados ao cálculo intensivo e ás comunicacións avanzadas (predición de incidencias do clima, loita contra doenzas, axuda na produción de fármacos, etc).

O encontro cos medios tamén serviu para dar a coñecer o nome do arquitecto encargado dos traballos vindeiros de elaboración do proxecto da nova sede: o valenciano Carlos J. Meri Cucart, quen tamén estivo no acto celebrado en Compostela e que resultou gañador do certame de ideas convocado para tal efecto, optando agora á redacción do proxecto técnico e á dirección de obra do edificio.

Por certo que o segundo galardón foi dar ao estudo de arquitectura coruñés Collarte Architects Studio, recaendo os tres accésits en Estudio Santos Zas & Graíño Nieto Arquitectos; David Ferrero Antón & Pablo Palomino-Llaguno Calvo e Irisarri-Piñera.

Segundo informa a Consellería de Innovación o xurado estivo composto por representantes do CESGA, do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) e varios vocais designados a proposta do CESGA, do COAG, da Consellaría de Vivenda e Solo e dos propios concursantes. O proxecto de Meri resultou gañador, sinalou o xurado, "*pola súa calidade arquitectónica e a súa integración na paisaxe, a funcionalidade e accesibilidade do edificio, así como pola flexibilidade e versatilidade da proposta espacial*". Polo que respecta ao segundo premio, o equipo responsable do certame salientou "*a distribución espacial xeral, a súa distribución en dous bloques e o esforzo por aportar solucións para a ordenación da tecnoloxía*". Por último, dos tres accésits o xurado apuntou ao valor arquitectónico dos conxuntos.

> O Xurado estivo composto por representantes do CESGA, entre outros do sector

Polo que respecta aos apoios orzamentarios, dicir que o novo edificio do CESGA contará cunha partida de 25,5 millóns de euros, en boa medida achegados polos fondos FEDER. Esta contía será destinada -entre outras actuacións- á compra do terreo (no polígono industrial da Sionlla), a execución da obra e a dotación tecnolóxica do novo complexo. A Consellería de Innovación e o CSIC actúan neste proxecto como socios-propietarios do centro, situándose os prazos de execución da obra nun período de dous anos a partir do remate dos trámites administrativos arestora en curso.



Imaxe do proxecto da nova sede do CESGA

Características do edificio

O edificio, que estará situado no Parque Empresarial de Santiago de Compostela na Sionlla (Santiago), ocupará unha superficie construída de 3.904 m2 e terá capacidade abonda para dar acollida a máis de 200 investigadores e tecnólogos que traballen no novo CESGA, que incluirá o Centro como Infraestrutura Científico Tecnolóxica Singular do Estado e o Centro de Investigación de Excelencia en Ciencia Computacional.

As dependencias, engade a Consellería de Innovación, están deseñadas para ser obxecto de máis que posibles ampliacións, tanto por requirimentos propios do CESGA como para poder aloxar novos centros e institucións de I+D+I.

A proposta gañadora estrutúrase en dúas edificacións que ocupan a cuarta parte da superficie da parcela. O edificio contará con espazos de usos comúns, como o auditorio, biblioteca, salas de xuntas, gardería, cafetaría e conserxería, coa finalidade de compartir custos operativos en previsión das ampliacións e novas construcións que se produzan.

Así mesmo, o edificio principal terá 3 andares e destinarase aos espazos específicos do centro que inclúen as actividades propias do CESGA. Neste emprazaranse as infraestruturas de supercomputación, que disporán dunha superficie de 840 m2, e as áreas de despachos e traballo en diferentes módulos que garanten a versatilidade e luz natural grazas aos patios interiores e a súa orientación leste. Así mesmo, disporá de paneis solares e espazos libres axardinados.



O arquitecto

O arquitecto valenciano Carlos Meri é responsable –entre outros edificios de gran interese diseminados polo territorio español– de obras como o Instituto de Ondara, o Colexio Público en Picassent, a Cidade da Xustiza de Murcia, o Centro Cultural de Albacete, o Centro de Discapacitados en Sagunto ou o Paseo Elevado no Porto de Valencia. Asemade, foi declarado gañador no concurso para o Edificio das Artes do Campus de Pontevedra. Meri, un arquitecto que segundo os especialistas en nova construción basea unha boa parte dos seus traballos na súa dimensión máis humana e na importancia de integralos no conxunto no que se insiren, apoiou recentemente a campaña levada a cabo en Valencia para a preservación do barrio de El Cabanyal, un enclave de importancia histórica e artística que se converteu os meses pasados nun símbolo do patrimonio ameazado polo progreso a toda costa e que, finalmente, semella que perdeu a partida. E perdeuna con quen supostamente debía preservalo: o Concello.

INEO INSISTE NO SEU NOVO INFORME NAS CLAVES PARA SUPERAR A CRISE: COÑECEMENTO, COLABORACIÓN E COMPETITIVIDADE

Se a crise fose un temporal con risco de naufraxio, o coñecemento constituiría unha boa parte do que precisaríamos para chegar a bo porto. Nestes tempos en que semella que nin o ladrillo nos vai salvar da desfeita (máis ben, e proseguindo en termos semellantes aos náuticos, estase a converter en lastre), albíscase unha nova orde, non sabemos se mellor ou peor, pero en certa medida máis axeitada para o que Galiza representa.

Dito doutro xeito: o coñecemento, materia prima exportable de primeira orde, é a comunicación co mundo pola que estabamos a devecer dende hai séculos. Unha orde de cousas na que o ladrillo a toda costa (e nunca mellor dito) ten moi pouco que dicir. Esta aposta pola información de valor e por todas as actividades derivadas da actividade innovadora e a investigación é precisamente o alicerce do novo proxecto presentado por Ineo, a asociación empresarial galega que traballa no reforzamento da presenza tecnolóxica de Galiza no mundo.

Trátase do Informe Ineo 2008, un completo estudo no que se avalía cada un dos factores que posibilitan incrementar os niveis de produtividade das empresas galegas. A investigación, que ten valor como folla de ruta particular (para as nosas compañías) e xenérica (para as empresas do mundo), apóiase nunha vontade de ser un instrumento práctico: o manual galego dos mercados internacionais.

O informe, que se elaborou a partir dos datos achegados polas empresas do sector das novas tecnoloxías asociadas a Ineo, xorde con outro obxectivo clave que, ao igual que o devandito, tamén vai do máis específico ao universal: converterse en ferramenta de utilidade para calquera empresa de calquera sector interesada en saber de primeira man cal é a súa posición con respecto ás empresas da competencia.

Aproveitar o pulo competitivo TIC

Máis polo miúdo e segundo nos conta a propia asociación, o funcionamento do informe é o seguinte: a través da comparación dos datos da propia empresa cos datos das firmas da competencia, o informe opera a xeito de guía en materia de competitividade no eido do sector TIC na nosa terra e é un instrumento de referencia para a planificación das actividades de apoio e de fomento do sector para Ineo e para as administracións. Disto, sinala Ineo, dedúcese o elevado potencial do informe como pulo á extrapolación do modelo colaborativo do sector TIC galego (un sector afeito a cooperar e competir ao mesmo tempo, en equilibrio) aos restantes eidos do noso tecido económico. Porén, apúntase na investigación, isto non quere dicir que a innovación, as melloras tecnolóxicas e o investimento en produtividade sexan exclusivas do eido TIC en Galiza.

> O Informe Ineo 2008 é un completo estudo no que se avalía cada un dos factores que posibilitan incrementar os niveis de produtividade das empresas

Neste senso, o estudo tamén vai dirixido a dar a coñecer o forte pulo á renovación que se está a rexistrar en ámbitos como a confección, o naval, o automóbil ou a alimentación.

Semente de plans estratéxicos

Para Ineo, un dos grandes valores do informe reside nas utilidades que ofrece ás empresas á hora de elaborar plans estratéxicos, xa que lles posibilita unha visión global de cales son os seus niveis de intensidade competitiva. "Esta é a mellor ferramenta que se lle pode subministrar ás empresas de cara á elaboración ou adaptación de estratexias empresariais e plans de negocio", comentou o presidente de Ineo, Jorge Cebreiros, no acto de presentación do estudo celebrado os pasados días en Vigo.

Acto de presentación

Amais do presidente de Ineo (Jorge Cebreiros), na posta en longo do estudo perante os profesionais galegos e os medios de comunicación tamén participaron a delegada do Estado para a Zona Franca de Vigo, Teresa Pisano Avello e máis o director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, Álvaro Álvarez-Blázquez. Por certo que a súa concorrencia no acto non foi simplemente testemuñal: tanto o Departamento de Servizos Avanzados da Zona Franca como o IGAPE apoiaron activamente a elaboración do estudo. Neste senso, sinalaron, a existencia dun traballo destas características, feito a partir da colaboración e co obxectivo da colaboración, reforza as posibilidades do noso tecido empresarial de cara a crear fronte común perante unha crise que, por desgraza, moi probablemente non deu aínda a súa última palabra. Por certo que o Igape aproveitou este espírito de superación de atrancos -e a presenza das empresas galegas- para presentar a súa nova liña de axudas: apoios ao financiamento para pequenas e medianas empresas en colaboración con distintas entidades bancarias, entre as que se contan a galega Caixanova ou o Banco Sabadell, que tamén contaron con representación no acto.

Ineo: máis de 80 empresas e 3.300 traballadores

Ineo é a Asociación Multisectorial das Novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación de Galicia. A día de hoxe, está composta por máis de oitenta empresas do sector das redes e do dixital, máis polo miúdo dos eidos do hardware, o software, as redes e as telecomunicacións, a Internet e os seus contidos, a formación e a consultoría vinculadas ás TIC. As firmas ligadas a Ineo superan os 270 millóns de euros de facturación e todas elas dan emprego a preto de 3.300 profesionais. Asemade, as empresas da entidade traballan implicándose de xeito activo e sostido no desenvolvemento do seu contorno socioeconómico, *"promovendo a implantación das novas tecnoloxías, a innovación baseada na xestión do coñecemento e a aprendizaxe permanente como elementos claves para competir nun contexto de mercado global"*, sinala a propia entidade no seu manifesto de intencións.

DRAMATURXIASDAACTUALIDADE.ORG

O ESCENARIO SEN LÍMITE

O teatro galego está arestora buscando novos contidos e, sobre todo, novas formas de comunicarse cos espectadores e co mundo. O proceso de medre e de busca é constante, e semella que a dramaturgos, actrices e actores, produtores e a toda persoa en xeral vinculada directamente coas artes escénicas, o mundo real, como canle de interacción co seu público, estáselles a quedar miúdo.

A INTERNET GALEGA CONTA CUNHA NOVA PÁXINA WEB AO SERVIZO DA DIFUSIÓN TEATRAL

Nesta liña, precisamente, é onde se insire o proxecto tecnolóxico posto en marcha polo Centro Dramático Galego (CDG): unha páxina web específica para lograr que os textos escritos dos autores galegos teñan o radio de acción máis longo posible. Dáse a casualidade de que esta proposta en liña, presentada recentemente no Salón Teatro de Compostela, é practicamente nova dende o seu arranque mesmo, tanto en Galiza como no estado español en xeral. Porén, o espírito que latexa debaixo da iniciativa é tan vello coma o teatro mesmo: a fin de contas, é un xeito de usar a Rede para poñerlle á capacidade de transmisión do fenómeno escénico as engranaxes e pezas que lle faltaban. Podemos ver o resultado do proxecto neste espazo: dramaturxiasdaactualidade.org.

Máis polo miúdo e segundo relataron os seus responsables no acto de posta en longo desenvolvido en Santiago, o novo espazo en liña ten o gran obxectivo duplo de ser vía de acceso de referencia para tomarlle o pulso á escrita dramática actual, e asemade, de servir de plataforma de lanzamento para os creadores. En certa maneira, funcionará de estudo de análises e palestra, recollendo información ao mesmo tempo que a subministra. En palabras dos seus creadores, "*a súa construción está deseñada para ser un híbrido entre un depósito con acceso público de textos dramáticos e un foro de lectura teatral*". Dito doutro xeito: estamos ante unha biblioteca virtual aberta especializada na dramaturxia na que, ademais, están presentes os propios autores e dáse un clima favorable ao debate e á busca de novos contidos e expresións. Segundo os seus creadores, ábrese a porta ao subministro de todo tipo de recursos: *"Non desbotamos que a web se converta nun espazo onde atopar materiais, suxestións e informacións sobre o que foi escrito recentemente ou está a ser escrito arestora dende o sistema teatral galego"*.

Imaxe de Valdemuller, do Centro Dramático Galego

Por certo que o Centro de Creación Dramática Contemporánea (CDC), órgano dependente do CDG, terá un papel especialmente activo na evolución da páxina-servizo. De feito, e segundo engadiron os seus responsables, convivirán no espazo en liña un número sen conto de textos escritos polos participantes no obradoiro de escrita permanente Pistas para unha dramaturxia de actualidade que dirixe dentro do CDC o autor Cándido Pazó. Amais destas pezas, poderemos atopar na web outras pezas de autores recoñecidos que queiran tirar partido desta canle para presentar e difundir os seus escritos ou propostas. Asemade, a páxina inclúe unha sección internacional aberta ao mundo con obras feitas en calquera lingua, así como pezas en reposición e textos de espectáculos estreados ao longo dos últimos anos polas compañías galegas.

Salvagarda da propiedade intelectual

A interface proporciona acceso libre a gratuíto aos textos completos, que foron debidamente autorizados polos autores, se ben quedan reservados todos os dereitos de propiedade intelectual de tal xeito que o uso público de cada obra require o permiso do creador. Os textos están accesibles en formato pdf. Cada un deles vai acompañado dunha ficha técnica coa información práctica da obra: título, ano de creación, público ao que vai dirixido, número de personaxes masculinos e femininos, número de baixadas do arquivo, breve sinopse do argumento e unha pequena nota biográfica do autor en destacado.

Ademais, e para facer máis doada a localización, incorporouse un motor de busca por distintas categorías, como son o autor/a, título, ano, público, número de personaxes e texto libre. Tamén hai un foro de intercambio de opinións e xeración de debates sobre obras, temáticas e tendencias que conforman a escrita dramática de hoxe en día en Galicia.

Segundo sinalou o CDG na rolda de presentación de dramaturxiasdaactualidade.org, esta iniciativa segue a confirmar o compromiso do Centro a prol de conectar por todas as vías posibles o traballo de produción escénica coas temáticas que interesan á sociedade do século XXI, neste caso desde o seu apoio á difusión da obra de autores contemporáneos e en resposta á demanda de moitos deles de crear desde a institución unha plataforma conxunta para dar a coñecer os seus títulos.

A directora do CDG, Cristina Domínguez Dapena, xa adiantara no pasado mes de novembro en Alacante no marco da Muestra de Teatro Español de Autores Contemporáneos a posta en marcha desta web que suscitou grande interese entre os dramaturgos congregados neste encontro.

Vista do Salón Teatro, sede dunha chea de actividades do CDG

A REDE A MENOS DE 30 MINUTOS

COMUNICACIÓN INAUGUROU OS PASADOS DÍAS DÚAS NOVAS INSTALACIÓNS QUE SE ENGADEN Á SÚA REDE DE TELECENTROS: OS PUNTOS DE CONEXIÓN DE VILAGARCÍA E GUITIRIZ

Imaxes do acto de inauguración vía videoconferencia

A Rede, logo da recente inauguración dos telecentros de Vilagarcía e Guitiriz, xa está aínda máis preto de calquera galego e galego. Así o fixo saber o secretario xeral de Comunicación, Fernando Salgado, durante a inauguración por multivideoconferencia das ditas instalacións: todos os cidadáns do país terán un telecentro de comunicación a menos de 30 minutos do seu domicilio, independentemente do lugar onde vivan. O secretario xeral subliñou que a rede de espazos de acceso supón un paso adiante na incorporación da comunidade á sociedade do coñecemento "*na que non queremos quedar atrás"*.

O secretario xeral de Comunicación, Fernando Salgado, presidiu hai uns días desde Guitiriz a inauguración do telecentros do municipio lugués e, por videocenferencia, do telecentro do concello de Vilagarcía de Arousa. No acto estivo acompañado polo subdelegado do Goberno en Lugo, Jesús Otero, así como pola alcaldesa do municipio, Regina Polín e os alcaldes de Castro de Rei, Becerreá, Muras, Pastoriza e Begonte. Desde o concello de Vilagarcía de Arousa participaron na inauguración conxunta de ambos os telecentros, o director xeral de Comunicación Audiovisual, Manuel José Fernández Iglesias e a alcaldesa do municipio, Dolores García.

Actividades de formación do profesorado

Durante o acto de inauguración o secretario xeral de Comunicación avanzou que nos próximos días terá lugar a sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o desenvolvemento de actividades de formación permanente do profesorado a través da
Rede de Telecentros de Comunicación. O acordo será asinado pola conselleira de Educación, Laura Sánchez Piñón e o secretario xeral de Comunicación, Fernando Salgado.
Na súa intervención, Fernando Salgado, fixo fincapé na colaboración existente entre a consellería que dirixe Sánchez Piñón e o a Secretaría Xeral de Comunicación en materia educativa. Así, referiuse a medidas postas en marcha pola Consellería como a gratuidade dos libros de texto, a extensión da figura do acompañante escolar nas liñas de autobuses ou as melloras en materia lingüística. Entre os eixes prioritarios da actuación do Goberno, destacou así mesmo, o labor de ambos os departamentos a prol da introdución das novas tecnoloxías nas aulas.
Neste sentido, o secretario xeral de Comunicación lembrou diferentes medidas e actuacións postas en marcha por ambos os departamentos autonómicos como a iniciativa Audiovisual nas Aulas grazas á cal 3.000 alumnos de 30 centros puideron iniciarse nas novas tecnoloxías e realizar a alfabetización dixital.

Colaboración entre a administración local e a autonómica

A Secretaría Xeral de Comunicación colabora cos concellos na dotación e instalación de equipos audiovisuais e multimedia, así como co seu mantemento tecnolóxico. Ademais, incorpora o concello á Rede de Telecentros de Comunicación (RTC) para que se beneficien do traballo colaborativo en rede e da comunidade virtual da RTC. O investimento da Secretaría Xeral de Comunicación para a posta en marcha de cada un dos telecentros de comunicación é de 120.000 €.

> A Secretaría Xeral de Comunicación colabora cos concellos nas dotacións e instalación de equipos audiovisuais e multimedia

Ademais de dotar aos TCs do equipamento axeitado, a Xunta de Galicia busca que adquiran un dinamismo para o que se están a desenvolver proxectos que permiten aproveitar as sinerxías que xorden da administración autonómica e da local.
Un dos obxectivos da Secretaría Xeral de Comunicación é converter o telecentro de comunicación nun punto de encontro dentro do concello conseguindo incorporalo como alternativa habitual na axenda de tempo libre da cidadanía. Asociacións e colectivos de todo tipo poden utilizar este telecentro de comunicación (TC) para realizar cursos, roldas de prensa, videoconferencias, reunións de traballo, visionado de audiovisuais ou conferencias.

Ligazóns de interese

- Rede de Telecentros de Galicia: telecentros.comunicacion.xunta.es
- Secretaría Xeral de Comunicación: www.xunta.es/comunicacion
- Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual: www.xunta.es/comunicacion/dxca/
- Centro Multimedia de Galicia: www.cmg.xunta.es

Novo espazo de conexión en Catoira

O subdirector xeral de Telecomunicación e Audiovisual, Manuel Conde Mouzo, e o alcalde de Catoira, Alberto García García, inauguraron o telecentro de comunicación do concello co que a Secretaría Xeral de Comunicación pretende achegar aos veciños as novas canles de comunicación, convertendo este telecentro de comunicación nun espazo apropiado para iniciarse no mundo da comunicación audiovisual e a alfabetización dixital. Desde Ribeira, a través de videconferencia, o alcalde do municipio, José Luis Torres Colomer, deu a benvida ao concello de Catoira á Rede de Telecentros de Comunicación.
A Secretaría Xeral de Comunicación colabora coa dotación e instalación de equipos audiovisuais e multimedia, así como co seu mantemento tecnolóxico. Ademais, incorpora o concello á Rede de Telecentros de Comunicación (RTC) para que se beneficien do traballo colaborativo en rede e da comunidade virtual da RTC. A inversión da Secretaría Xeral de Comunicación para a posta en marcha dese telecentro de comunicación foi de 120.000 euros. Un dos grandes obxectivos da Secretaría é facer do devandito espazo un punto de encontro dentro do termo municipal pontevedrés, acadando a súa incorporación plena como alternativa cotiá na axenda de tempo de lecer da cidadanía. O espazo ficará a libre disposición de colectivos veciñais de todo tipo, que poderán levar a cabo nel cursos, roldas de prensa, videoconferencias, reunións de traballo, proxección de audiovisuais ou conferencias.


Espazo de acceso de Catoira, recentemente inaugurado

A REDE QUE SE ESTENDE

DAMOS CONTA NESTAS PÁXINAS DAS VANTAXES, USOS E PROVEITOS QUE ACHEGA UNHA INFRAESTRUTURA DE ACCESO QUE NON CESA DE INCREMENTAR A SÚA PRESENZA: A DOS TELECENTROS DE COMUNICACIÓN

Inauguración do telecentro de Marín

A Rede de Telecentros de Comunicación (telecentros.comunicacion.xunta.es) é un servizo público e gratuíto para tódolos cidadáns financiado pola Secretaría Xeral de Comunicación, a través da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, en colaboración cos Concellos onde se sitúan ditas aulas. O Centro Multimedia de Galicia (www.cmg.xunta.es), unidade do Servizo de Xestión do Centro Superior de Documentación (Subdirección Xeral de Telecomunicacións e Audiovisual), encárgase da xestión da Rede de Telecentros de Comunicación realizando, de xeito coordinado, a posta en marcha de actividades formativas e a implantación de servizos e de accións de sensibilización e achegamento da poboación.

Obxectivos da Rede de Telecentros de Comunicación

Interior da sala de audiovisual de Arzúa

Os principais obxectivos que persegue a Rede de Telecentros son os seguintes:

• Ser un espazo aberto de comunicación.
• Familiarizar á cidadanía coas novas canles e soportes audiovisuais de comunicación.
• Facilitar o acceso público a Internet como medio de comunicación favorecendo a democratización de acceso aos servizos que proporciona a Sociedade da Información.
• Mellorar a formación profesional dos profesionais do sector audiovisual e multimedia.

> A Rede de Telecentros de Comunicación (RTC) é un servizo público e de balde para tódolos cidadáns, financiado pola Secretaría Xeral de Comunicación

Un telecentro de comunicación (TC) é un espazo habilitado e optimizado acusticamente e de estética particular que conta con material informático (ordenadores, impresoras, etc), equipo de videoconferencia, material audiovisual, pantallas de proxección e de plasma, así como outros sistemas de control que permiten recrear diferentes escenarios (accións formativas, videoconferencias, visionado de audiovisuais ou multimedia dependendo das necesidades técnicas do evento que se queira desenvolver).

A Rede de Telecentros de Comunicación (RTC) é un servizo público e gratuíto para todos os cidadáns financiado pola Secretaría Xeral de Comunicación, a través da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, en colaboración cos concellos onde se sitúan.

Presentes xa en medio centenar de localidades

Actualmente, a Secretaría Xeral de Comunicación, a través da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, dispón de 49 telecentros situados nas localidades de Abegondo, Arzúa, Betanzos, Boiro, Carballo, Ferrol, Melide, Muros, Oroso, Negreira, Ribeira, Santa Comba, Vedra, Vimianzo, Ares, Santiago, Padrón, A Coruña, A Fonsagrada, Becerreá, Chantada, Foz, Guitiriz, Lugo, Monforte, Monterroso, Quiroga, Sarria, Viveiro, Meira, Allariz, Carballiño, Castrocaldelas, O Barco, Ourense, Verín, Xinzo, A Cañiza, A Estrada, Catoira, Lalín, Marín, Ponteareas, Redondela, Tui, Vigo (2), Vilagarcía, Cangas. A Rede de Telecentros da Secretaría Xeral de Comunicación ten proxectado abrir seis novos telecentros o próximo ano ata acadar os 64 no ano 2010 que darán cobertura a toda a comunidade.





Imaxe da sala de audiovisual da Biblioteca Pública Miguel González Garcés da Coruña

Situación exacta dos puntos de conexión

Na Coruña
Biblioteca Pública Miguel González Garcés - A Coruña
R/ Miguel González Garcés, 1. CP:15008
Abegondo
Casa do Concello. R/ San Marcos 1. CP:15318
Arzúa
Edificio de Servizos Múltiples - Rúa de Lugo
Betanzos
Oficina municipal de información xuvenil - Emilio Romay nº1
Boiro
Centro Sociocultural (1ª andar). R/Principal, s/n. CP:15930
Carballo
Pazo da Cultura - Rúa do Pan, s/n
Melide
Edificio Multiusos - Praza das Universidades s/n
Muros
Casa da Cultura - Praza San Pedro
Santa Comba
Centro Multiusos. C/ Curros Enríquez s/n. CP:15841
Ribeira
Confraría de Pescadores. Avda. do Malecón, nº 22. CP:15960
Centro Multimedia de Galicia - Santiago de Compostela
R/ Hórreo, 61. CP:15702
Fac. de Ciencias da Comunicación - Santiago de Compostela
Avda.Castelao, s/n. CP:15704
Vedra
Avda. Manuel Gómez Lorenzo - CP15885
Vimianzo
Centro Social de Vimianzo. R/ Blanco Rajoy s/n. CP: 15129
En Lugo
A Fonsagrada
Casa da Cultura. R/ Chaos s/n. CP: 32.500
Becerreá
Rúa de Valgamarín s/n
Foz
Casa da Xuventude. R/ Julia Minguillón nº7 planta baixa. CP: 27780
Guitiriz
Rúa do Concello s/n
Aula de Produtos Lácteos - Lugo
Avda. da Fábrica da Luz s/n . CP: 27004
Lugo
Centro Social Lamas de Prado. Praza de Castiñeiro s/n. CP:27004
Monforte de Lemos
Edificio Multiusos. Rolda Urbana, s/n. CP:27400
Monterroso
Centro Sociocultural. R/Mestre López Losada s/n. CP: 27560
Viveiro
Claustros de San Francisco. Avda. de Cervantes s/n. CP: 27850
En Ourense
O Barco de Valdeorras
Concello de O Barco. R/ Praza do Concello nº 2-2º piso. CP: 32300
O Carballiño
Casa do Concello. Praza Maior, 1. CP: 32500
Ourense
Delegación da Xunta -Edificio Chocolate- R/Habana 79, 3ª. CP:32004
Verín
Casa da Xuventude. Avda. Portugal s/n CP:32600
Xinzo de Limia
Casa da Xuventude. R/Curros Enriquez nº 17. CP: 32630
En Pontevedra
A Estrada
Centro Multiusos. Avda. Benito Vigo nº94. CP:36680
Catoira
Biblioteca Pública Municipal
Lalín
Auditorio Municipal. Rúa do Parque, s/n. CP:36500
Marín
Biblioteca Pública Municipal Vidal Pazos. Avenida de Ourense nº8
Ponteareas
Centro de Desenvolvemento Local - A Lomba - Ribadetea - CP:36860
Fac. CC. Sociais e da Comunicación - Pontevedra
Campus A Xunqueira, s/n. CP:36005
Redondela
Edificio Multiusos. Paseo A Xunqueira, s/n. CP:36800
Tui
Edificio Área Panorámica-Rúa Colón nº2
Vigo
Edificio do Concello. Praza do Rei nº 1. CP: 26202
E.T.S.E. de Telecomunicación - Vigo
Campus de Lagoas - Marcosende. CP:36310
Vilagarcía
Obradoiro municipal de emprego - Avda.de Matosinhos nº1

Comunícate, unha iniciativa para meter a Internet no día a día dos veciños

Se Internet non se promove por si soa, haberá que axudala. Ou mellor aínda: facer todo o posible para que lles saia ao paso aos cidadáns. Nisto, en tentar afianzar as ligazóns da Rede –e máis concretamente da Rede de Telecentros de Galicia- coas realidades miúdas das vilas e cidades galegas é no que se apoia a campaña presentada recentemente pola Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual no Centro Multimedia de Santiago. A iniciativa, que semella desenvolvida para falar por si mesma (chámase Comunícate), vén acompañada dun estudo sobre o emprego que se lle está a dar aos devanditos puntos de conexión e no que se tentou localizar os seus puntos febles.

A finalidade da investigación: atoparlles a aqueles unha solución e servir de alicerce e lanzadeira á propia proposta Comunícate e, en última instancia, á Internet en Galicia.

No estudo, que foi elaborado pola firma Roadmap, ponse de manifesto un problema de base que ten que ver coa idea que abre este artigo: a falta de conexión entre os accesos ás redes e unha parte dos habitantes das vilas. De feito, sinálase, un 40% das persoas enquisadas non sabe que ofrece un destes puntos de conexión mentres que case a metade descoñece a existencia do mesmo no seu concello.

Porén, este baleiro informativo, localizado polo miúdo nalgunhas vilas galegas, ten solución, segundo apuntou a Dirección Xeral. Esta pasaría por meter a Rede no día a día dos veciños e veciñas, apostando por un labor de dinamización que tamén sexa de integración do dixital. De feito, a idea xeral é acadar que as persoas responsables dos telecentros teñan un fondo coñecemento das novas tecnoloxías coas que traballan pero tamén da realidade da vila.

Posta en marcha das infraestruturas de conexión de Melide

O centro de conexión do Carballiño

Neste senso, empregarase o programa Comunícate para afianzar unha ligazón dupla: a dos veciños cos telecentros a dos veciños coa Sociedade da Información. Asemade, a Dirección Xeral pretende implicar ao máximo aos concellos, co fin de que obteñan o maior rendemento posible dos puntos de acceso. Entre as moitas accións que abrangue o programa atopamos as seguintes: a identificación axeitada dos telecentros nos concellos nos que están habilitados (que se saiba onde están e para que serven); a realización de xornadas informativas sobre o seu funcionamento para os responsables, asociacións e colectivos de interese (a proposta apóiase neste senso no modelo irlandés: o que busca o labor dinamizador das asociacións como mensaxeiras das novas tecnoloxías no rural); a axuda aos concellos na posta en marcha de iniciativas locais ou (tamén) a localización de usuarios potenciais co fin de achegarlles información para que usen o telecentro. Por certo que segundo informa a Dirección Xeral e facendo referencia a este último punto, sinalar que os colectivos que presentan maior potencialidade de cara a empregar estes centros de acceso serían os maiores e a mocidade..

> O Programa Comunícate vén acompañado dun estudo sobre o emprego que se lle está a dar aos distintos puntos de conexión que temos en Galicia

A TDT ANTICIPADA

ADIANTADO O ENCENDIDO DIXITAL AO MES DE DECEMBRO NOS CONCELLOS DE VEDRA, AMES, A BAÑA, BOQUEIXÓN, BRIÓN, NEGREIRA, OROSO, O PINO E TEO

A televisión dixital, unha nova orde que substitúe ao modelo tradicional de uso e consumo de televisión, segue a dar pasos na nosa terra cara ao seu afianzamento, seguindo o ronsel da Fonsagrada: o primeiro concello de España no que se levou a cabo a substitución dunha tecnoloxía por outra (proceso coñecido como apagamento dixital). Así o fixo saber recentemente o director xeral de Comunicación Audiovisual, Manuel José Fernández Iglesias, quen lles vén de anunciar aos veciños de Vedra, Ames, A Baña, Boqueixón, Brión, Negreira, Oroso, O Pino e Teo, que realizarán o encendido dixital antes de que remate o ano.

O comezo das emisións en dixital beneficiará tamén a 16 concellos de Ourense Este, 39 da demarcación de Santiago e 5 de Pontevedra.

A Secretaría Xeral de Comunicación e o operador público de telecomunicacións Retegal Sociedade Anónima continúan polo tanto coa súa campaña informativa orientada a achegar a Televisión Dixital Terrestre (TDT) aos concellos galegos. Na sexta das citas, no municipio pontevedrés de Vedra, participaron o director xeral de Comunicación Audiovisual e conselleiro delegado de Retegal S.A., Manuel José Fernández Iglesias, e o alcalde do municipio, Odón Casimiro, entre outros.

Tal e como avanzou o director xeral de Comunicación Audiovisual, a Secretaría Xeral de Comunicación e Retegal S.A. posibilitarán que 17 concellos da provincia de Ourense e 39 da provincia da Coruña realicen o encendido dixital antes de que remate o ano, así como 5



do concello de Pontevedra. Así, o múltiplex autonómico entrará en servizo até seis meses antes das datas fixadas para as fases definidas polo Goberno central para o proceso de apagado analóxico en Galicia nas demarcacións de Ourense Este e Santiago. En canto aos demais múltiplex, para ambas as demarcacións, estarán dispoñibles tres meses antes do apagamento, en xuño de 2009.

Na súa intervención, explicou que a TDT é unha tecnoloxía de substitución, *"polo que cómpre ir adaptándose para a súa recepción canto antes"*. As televisión analóxicas, explicou, irán desaparecendo de maneira progresiva ata o vindeiro 30 de abril de 2010. Fernández Iglesias explicou que, en ningún caso, se producirá o cesamento das emisións analóxicas naquelas zonas onde non haxa cobertura TDT equivalente.

Deste xeito, o plan de actuación para o apagado das demarcacións de Ourense Este e Santiago pretende ter rematado o despregamento, como mínimo, 6 meses antes da data de apagado prevista. Así, para ambas as zonas, o despregamento rematará o 31 de decembro de 2008 superando o 98,5% de cobertura poboacional para o múltiplex autonómico.

Máis sobre a campaña informativa

Preparados para a televisión dixital, visto no caderno de ABucin en Flickr

Baixo o lema Imos por diante, desde o Goberno galego e o operador público de telecomunicacións preténdese explicar a todos os cidadáns cómo recibir a TDT nas súas vivendas, así como o anticipo que está a desenvolver o Executivo autonómico no referente ao encendido dixital. No mes de decembro Galicia acadará o 98,5% da cobertura poboacional de TDT para as emisións autonómicas. Galicia adiántase así en 6 meses con respecto aos plans do Ministerio que fixan o mes de xuño de 2009 para levar a cabo o apagamento dixital nas zonas de Santiago de Ourense Este.

A partir do mes de decembro, unha vez levado a cabo o encendido dixital en ambas as demarcacións, o que beneficiará a 50 concellos galegos, a Secretaría Xeral de Comunicación e Retegal S.A. encargaranse de despregar gapfillers ou encheocos cos que completar a cobertura ata acadar o acceso universal á TDT no caso do múltiplex autonómico, que inclúe a canle de TVG e dúas privadas de ámbito galego.

Estado actual da TDT

Os datos que facilita a oficina central Impulsa TDT no último trimestre indican que a porcentaxe de cobertura estatal acada o 89,15%. Así mesmo, en canto aos datos de antenización, salientou que máis do 60% das vivendas xa están adaptadas á nova tecnoloxía, producíndose un incremento do 3,6% con respecto do trimestre anterior. Nas zonas nas que está previsto o apagamento analóxico para o 30 de xuño de 2009 só o 30% dos edificios están adaptados, co cal, para chegar a tempo, precísase un ritmo dunha 350 instalacións diarias.

O director xeral de Comunicación Audiovisual recomendoulles aos antenistas e instaladores tomen medidas de xeito inmediato, propondo as adaptacións de antenas precisas, aínda sen esperar á solicitude por parte das comunidades de veciños.

Campaña divulgativa de proximidade

Ao longo do mes de decembro de 2008, a Secretaría Xeral de Comunicación e Retegal S.A. ofreceu un total de seis charlas coloquio sobre o encendido dixital. Trátase dunha campaña divulgativa de proximidade sobre a incidencia e consecuencias do encendido dixital e as previsións do apagamento en xullo 2009. Así, trasladouse a información sobre a TDT aos concellos de Melide (A Coruña), Silleda (Pontevedra), Vedra (A Coruña), Noia (A Coruña), Muxía (A Coruña) e Verín (Ourense). Os concellos foron elixidos atendendo a dúas razóns; dunha banda, correspóndese coas demarcacións nas que primeiro se levará a cabo o encendido dixital. Por outro lado, elixíronse estes concellos por ser centros poboacionais importantes e que, á súa vez, se atopan preto de todas aquelas outras zonas nas que se producirá a transición á TDT nos vindeiros meses.

Destinatarios

A campaña diríxese aos axentes do sector, administracións locais, radiodifusores, instaladores, comunidades de veciños e cidadanía en xeral co fin de garantir que ningún cidadán galego deixe de recibir os servizos de televisión que ata agora viña recibindo en analóxico. Trátase polo tanto de facilitar e comunicar o proceso de transición da televisión analóxica á dixital para que todos os cidadáns disfruten dun servizo con maior calidade de imaxe e son e que ofrece novas posibilidades con respecto ao existente.

Visto en Through the lens no Flickr

Concellos beneficiados

O proxecto de transición de Ourense Este e Zamora Norte beneficiará aos habitantes dos concellos do Bolo, Castrelo do Val, Cualedro, A Gudiña, Larouco, Laza, Manzaneda, A Mezquita, Monterrei, Oímbra, Riós, A Veiga, Verín, Viana do Bolo, Vilardevós e Vilariño de Conso. Por outro lado, o proxecto de transición de Santiago beneficiará aos habitantes de 39 concellos das provincias da Coruña e 5 de Pontevedra.

Os concellos coruñeses son Ames, Arzúa, A Baña, Boimorto, Boqueixón, Brión, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Frades, Lousame, Mazaricos, Melide, Mesía, Muros, Muxía, Negreira, Noia, Ordes, Oroso, Outes, Padrón, O Pino, Porto do Son, Rois, Santa Comba, Santiago de Compostela, Santiso, Sobrado, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vilasantar; mentres que en Pontevedra son Agolada, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces.

O apagamento analóxico no noso país

O Ministerio de Industria ten definido para a comunidade galega 6 proxectos de transición nos que se planifica o cesamento das emisións analóxicas de televisión por emisións dixitais. Así, as áreas técnicas de Santiago, Ourense Este e Zamora Norte cesarán as emisión analóxicas o 30 de xuño de 2009, aínda que a Xunta fará o encendido xa antes de que remate o ano. As áreas de Ares e Meda realizarán o cese de emisión en analóxico o 31 de decembro de 2009 mentres que as de Domaio e Páramo o farán o 3 de abril de 2010.

O proxecto de transición para Ourense e Santiago realizaranse no primeiro semestre de 2009 e afectará a 44.184 e 357.673 habitantes, respectivamente. A data de apagamento para as áreas de Meda e Ares será o segundo semestre de 2009, e afectará a 339.603 e 709.831 habitantes, respectivamente. A última fase corresponde ás áreas de Domaio e Páramo que realizarán o apagón o 3 de abril de 2010. Veranse afectados 936.001 habitantes no caso de Domaio e 316.227 no do Páramo.

Que é a TDT?

(algunhas claves para evitar o extravío dixital)

Con respecto á televisión de toda a vida, a dixital ten máis calidade de imaxe e de son. A maiores, inclúe as vantaxes da interactividade. É dicir, que nós somos os que levamos o control da situación, e non o aparello televisor. Ou sexa, que estamos en disposición de ver o programa que nos gusta cando nos veña en gaña, sen ter que seguir de preto os horarios fixos de programación. Nós mesmos somos os nosos propios programadores. A engadir ao devandito, poderemos recibir máis canles e elixir o que mellor lle acaia aos nosos gustos. Non hai interferencias e as máquinas que se poñan en marcha no fogar propio ou colindantes (a exprimidora, o secador) non afectan ao visionado.

Ao fin, coa televisión dixital poderémoslle sacar punta ós televisores con pantalla panorámica (16/9), posto que serán moitos os contidos que se ofrezan neste formato. E, ó igual có DVD, porase á disposición dos usuarios a posibilidade de ouvir os filmes en múltiples idiomas.

Nova web para consultar a cobertura no país

A Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual puxo en marcha este outono pasado unha páxina web con información sobre a cobertura da Televisión Dixital Terrestre en Galicia (gis.tdtgalicia.es/tdt/), combinando un sistema de información xeográfica (GIS) cun apartado de consulta por provincia, concello, parroquia e núcleo de poboación, de xeito que se poden localizar os diferentes emisores, reemisores e encheocos da TDT por toda a nosa xeografía.

A páxina tamén permite consultar se hai cobertura en cada núcleo de poboación e a súa calidade (ou a data na que se agarda que estea dispoñible), así como a distancia entre a localización indicada e o seu reemisor máis próximo (baseándose en mapas de Google) aínda que no momento de escribir estas liñas o servizo non parecía estar operativo, posiblemente porque o seu equivalente estatal está fóra de servizo por estar en pleno proceso de actualización (para incorporar as extensións de cobertura recentes).

Captura da web posta en marcha pola Xunta para dar conta da cobertura

ENTRÉGANSE OS GALARDÓNS DO CERTAME CURTAS NA REDE

A Secretaría Xeral de Comunicación recoñeceu os valores de *Z* e *Rutina* como mellores pezas do ano en galego e castelán, respectivamente

O Teatro Colón da Coruña acolleu recentemente os premios do certame Curtas na Rede (www.curtasnarede.es) organizado pola Secretaría Xeral de Comunicación en colaboración co Consello da Xuventude de Galicia, nunha cerimonia presidida polo presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, quen salientou que as pezas presentadas a concurso demostraban que *"o audiovisual galego ten canteira"* e *"aviva o compromiso"* do Goberno galego cos instrumentos que está a impulsar: o Consorcio Audiovisual de Galicia, o Centro Multimedia, a Rede de Telecentros de Comunicación e o Centro de Artes da Imaxe.

Touriño tamén subliñou durante a súa intervención que "*a multiculturalidade, a pluralidade, a inserción e a integración social"* son valores reflectidos no concurso Curtas na Rede, e felicitou aos galardoados polo *"esforzo inventivo, a enerxía artística e a capacidade emprendedora"*.

O presidente da Xunta o acompañaron durante a gala, entre outros, o secretario xeral de Comunicación, Fernando Salgado, a presidenta do Consello da Xuventude de Galicia, María Dolores Rodríguez Amoroso, e o director xeral de Comunicación Audiovisual, Manuel José Fernández Iglesias.

Relación de galardoados

A categoría estrela do concurso é a de curtametraxes, na que este ano participaron 90 proxectos. Os inscritos tiveron que realizar unha curta inédita que non excedera os cinco minutos de duración e que versara sobre as temáticas de inmigración, saúde e sexualidade e visións nosas/visións alleas (temática libre). Amais desta categoría, e coa mesma limitación e duración, este ano incorporouse a categoría de curtametraxes de animación de temática e xénero libre.

O presidente da Xunta entregou o premio á mellor curtametraxe en galego a Xabier Marqués Solla por Z. O premio á mellor curtametraxe en castelán recaeu en Suda Sánchez por Rutina. O galardón á mellor curta de ficción sobre saúde e sexualidade foi para Carlos Prado Pampín por Vellas, quen tamén se fixo co premio á mellor micromovie por Amén Señora e mellor dirección por Vellas. Na temática de ficción inmigración, o galardón foi para Marisa Otero López por Querida Xulia. Na categoría visións nosas/visións alleas déronse dous premios, un deles para Diego Valiño García por Love over e, o outro para Toño Chouza por Münchausen, quen tamén recibiu o premio do público á mellor micromovie por Contratempo.

No apartado documental, o premio para a mellor curta de saúde e sexualidade foi para Julia Vallés por Sexo seguro. A mellor curta documental na categoría visións nosas/visións alleas foi para Pablo Chouza por O camiño da Loureira.

O galardón pola curtametraxe máis orixinal foi para Pablo Penedo Naveira por Federico Lasalle. Así mesmo, o premio do público á mellor curtametraxe foi para Andrés González Tella por Qué lle pasa a Pepe Pistola?

Completan o concurso dúas categorías máis, a de micromovies e a de cápsulas. O galardón mellor cápsula de lingua entregóuselle a Alberto López Vázquez por Negras sombras. Hugo Ricardo Sousa fíxose co premio á mellor cápsula musical por Dreams in colour, así como co premio do público á mellor cápsula. O galardón da mellor cápsula promo foi para Juan Pedro Pérez por 404.

Na categoría de animación, o primeiro dos premios foi para Miriam Alberte por Caligarismo, o segundo para Andrés Carrera por 1491 e o terceiro para Raúl García por A xogada perfecta.

Andrés Cameselle e Amalia Touriño e Aurea García recibiron o premio á mellor interpretación masculina e á mellor feminina, respectivamente. O premio para a mellor bitácora, outra das modalidades do concurso, foi para Marcos Nine, mentres que o de mellor guións recaeu en Eduardo Pérez por Lavandeira.

Péchase a terceira edición dos Premios Chano Piñeiro

O pasado 19 de decembro o Teatro Principal de Ourense acolleu a entrega da terceira edición dos Premios Chano Piñeiro, uns galardóns convocados pola Secretaría Xeral de Comunicación e dirixidos a recoñecer o audiovisual máis e mellor representativo do que ben se podería chamar *"identidade galega en conexión co mundo"*. A concesión dos premios, que contou coa presenza do presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, serviu tamén para afianzar as ligazóns creativas con Arxentina. En palabras do presidente, un dos grandes obxectivos deste conexión co país irmán foi o de "*construír unha Galicia aberta ao mundo, unha fiestra de diálogo fluído e de intercambio que ofrece o mellor de si mesma e que recibe e acolle todos os acentos culturais*".

Esta III Edición dos galardóns Chano Piñeiro premiou o labor de Fernando Iglesias, "*Tacholas*", en palabras de Pérez Touriño, *"o amigo entrañable de Castelao e primeiro protagonista de Os vellos non deben de namorarse, que atopa a merecida homenaxe na súa terra"*. Tamén, honra a Jorge Coscia, *"o gran arquitecto que ergueu a ponte das relacións cinematográficas entre Galicia e Arxentina e que detrás dese apelido italiano agocha sangue galego"*, dixo Touriño deste actor que recibirá xunto a Fernando Iglesias o premio honorífico. O actor Eduardo Blanco foi outro dos premiados, *"tan galego, como arxentino e sempre disposto a botar unha man á terra dos seus avós"*, indicou o presidente. E, finalmente, recoñeceuse o labor creativo de Antonio Durán, de quen dixo que é *"un dos actores máis queridos en Galicia"*.

No transcurso da súa intervención, o xefe do Executivo galego fixo unha mención especial á película de José Luis Cuerda, Os xirasoles cegos, nomeada a 15 premios Goya.

FERNANDO BOTERO

ABU-GHRAIB EL CIRCO



Abu Ghraib 67, 2005

Clown, 2007

Ata o 1 de febreiro

Por primeira vez en Galicia preséntanse as dúas últimas series realizadas polo artista colombiano Fernando Botero: ABU GHRAIB e EL CIRCO. Dúas series opostas e complementarias que reflicten, dende a persoal óptica deste gran creador, dúas realidades ben distintas do espírito humano.

Por unha banda, a violencia tráxica e descarnada de ABU GHRAIB, un mosaico de imaxes impresionantes que rememoran as aldraxes e a violación dos dereitos humanos sufridas polos soldados iraquís. E por outra banda, EL CIRCO, onde un Botero máis tradicional nos mostra o lado amable da vida por medio dunha temática e unha gama de sensacións cálidas e alegres.

Casa das Artes. Policarpo Sanz 15. Vigo

Concelleria de Cultura e Animación Sociocultural Concello de Vigo

GENERALITAT VALENCIANA CONSELLERIA DE CULTURA I ESPORT

IVAM

www.fundacioncaixagalicia.org

FUNDACIÓN CAIXAGALICIA

O MÁIS DESTACADO DE 2008

O SECTOR DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN EN GALICIA PERMANECEU CHEO DE ACTIVIDADE EN 2008, POLO QUE DECIDIMOS FACER UN PEQUENO REPASO NESTAS PÁXINAS

XANEIRO

A Blogoteca supera a barreira dos mil blogs

Durante a celebración de EnBlogs en abril de 2006, Abertal presentou o primeiro servidor público de blogs feito en Galicia e en galego, a Blogoteca, e en pouco máis de ano e medio de vida conseguiu un importante éxito superando os 1.000 blogs e as 10.000 imaxes na FotoBlogoteca.

O servizo galego de creación de cadernos de Internet ve nacer unha media de 65 blogs cada mes, dos que o 95% son obra de galegos e en galego. Actualmente contan cunhas 10.350 visitas diarias e entregan 54.130 páxinas/día, polo que no último mes sumaron 320.860 visitas reais e 1.678.250 páxinas vistas.

O superordenador Finis Terrae comeza a funcionar en probas

O superordenador Finis Terrae, o de meirande memoria compartida de Europa e un dos maiores do mundo, comezou a funcionar en prácticas no Centro de Supercomputación de Galicia de xeito que se agarda que estea a pleno rendemento a finais de marzo.

Para a adquisición deste equipo a Xunta achegou 19,4 millóns de euros dun total de 61, ós que haberá que sumar o novo edificio do CESGA (que custará 20 millóns de euros e se construirá a finais de 2010). O novo superordenador ten 2.500 procesadores co 8 Gb e memoria cada un, ocupa unha superficie de 140 m2 e conta con 85 quilómetros de cable.

O vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, asegurou que Finis Terrae só é o primeiro paso dunha actuación máis ampla e ambiciosa do Goberno galego para consolidar ó CESGA coma un Centro de Excelencia Computacional.

FEBREIRO

Arriva estrea 2 autobuses con acceso á Internet por Wi-Fi entre A Coruña e Ferrol

A liña de autobuses entre Ferrol e A Coruña de Arriva conta con 2 autobuses exclusivos de 70 prazas dotados de conexión Wi-Fi á Internet e enmarcados nunha campaña denominada Conéctate coa que se trata de fomentar o transporte público.

Esta é a primeira experiencia de route branding implantada en España, dotando de identidade comercial propia a unha determinada liña regular e de mellorar as súas condicións habituais que nesta ocasión achega a posibilidade de dar acceso á Internet de balde durante os 45 minutos que dura o traxecto que percorren unha media de 20.000 viaxeiros ó mes.

Mar Chao, directora xeral de Transporte da Xunta de Galicia asistiu á presentación desta campaña na estación de autobuses de Ferrol, onde incidiu na necesidade de apostar polo transporte público con iniciativas autonómicas como «a mellora da información o cidadán» ou o «*deseño de novas tarxetas de transporte*».

MARZO

Novena edición do encontro Xuventude Galiza Net

Tras a apertura de portas e a identificación dos participantes ás dez e media da mañá do 14 de marzo, case todos os 1.500 internautas que participan na novena edición do Xuventude Galiza Net están xa conectados. Foi suficiente pouco máis de media hora para que todos os mozos e mozas ocuparan os postos nos que permanecerán durante as vindeiras 52 horas no Pazo de Congresos e Exposicións de Galiza, en Santiago de Compostela. O vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, deu hoxe a saída a este encontro informático consolidado xa como un dos máis importantes a nivel estatal. Quintana destacou o Xuventude Galiza Net como foro que busca facer partícipe á mocidade dos avances tecnolóxicos, de xeito que poidan afondar nos seus coñecementos e desenvolver a súa creatividade no campo da programación, o deseño gráfico ou os contidos multimedia. Pero máis alá deste primeiro papel, salientou que o encontro «busca tamén humanizar as novas tecnoloxías», abríndoas a novos usuarios como os maiores e as persoas con discapacidade. Neste senso, apostou por «*poñer as novas tecnoloxías ao servizo das persoas e do benestar, como mecanismo favorecedor da igualdade de oportunidades e de loita contra a exclusión*».

Como novidade, Xuventude Galiza Net 2008 incorpora este ano á intranet a 26 mozos con algún tipo de discapacidade procedentes de Lugo e de Mos, a través da colaboración coa Confederación Galega de Minusválidos (Cogami) . Trátase de mellorar a súa integración e interacción cos demais participantes, fomentando o uso das novas tecnoloxías neste colectivo.

O libro galego estrea portal de referencia

A Consellaría de Cultura e Deporte presentou o portal PrazaDasLetras.org, un proxecto creado para ser referente do libro galego na Internet, integrando toda a información relacionada co sector do libre.

Trala constitución do Consello Asesor do Libro, a conselleira Ánxela Bugallo e o director xeral de Creación e Difusión Cultural, Luis Bará, presentaron o novo portal, do que xa se viña a falar dende 2006, de aí que sexa unha boa nova que se concretase finalmente este interesante proxecto.

A praza das letras na Internet aglutina na Rede as diferentes accións da Consellaría para o fomento do libro e a lectura, contando coa participación e apoio dos colectivos implicados no sector do libro.

O portal conta cun extenso catálogo de autores en lingua galega, no que aparecen máis de 850 escritores, ilustradores e tradutores, dos que se achegan dende datos básicos ata unhas reseñas biográficas completas. Tamén conta cunha sección de actualidade con novas relacionadas co libro galego, os premios literarios e as feiras do sector (así como distintos actos coma obradoiros, tertulias, certames…).

Agárdase que no futuro a web aumente as súas prestacións incorporando unha maior participación por parte do usuario e mesmo unha editora virtual, pensada para incentivar a creación.

ABRIL

A Fonsagrada recibe con éxito o apagamento analóxico

O pasado 5 de abril a Fonsagrada viviu o apagamento da televisión analóxica nun ambiente festivo, posto que a vila luguesa foi a primeira de toda España en completar a transición á televisión dixital terrestre.

O presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, conduciu o acto de presentación do salto á nova televisión, destacando o empeño do Goberno galego no reequilibrio territorial e coa incorproación da nosa comunidade á sociedade do coñecemento.

Ao acto tamén asistiron o secretario de Estado de Telecomunicacións, Francisco Ros; a presidenta do Parlamento de Galicia, Dolores Villarino; o delegado do Goberno en Galicia, Manuel Ameijeiras; a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón; o conselleiro de Traballo, Ricardo Varela; o secretario xeral de Comunicación da Xunta, Fernando Salgado; e o alcalde da Fonsagrada, Argelino Fernández.

MAIO

R lanza móbiles de última xeración en galego

Ata o de agora, un usuario de telefonía móbil galego non tiña moitas opcións ó seu alcance á hora de escoller un terminal na súa língua. O operador galego de telecomunicacións por fibra óptica, R, sabedor disto, quixo celebrar o Día das Letras Galegas por todo o alto e vén de sacar ó mercado catro novos teléfonos móbiles coa posibilidade de ter o menú completamente na nosa língua. En concreto, os terminais ofertados polo operador son tres modelos de Nokia, o 2600 Classic, o 3120 Classic e o 5610 así como un de Sony Ericsson: o w380i. Deste xeito, R, satisface a demanda de moitos usuarios que levaban tempo pedindo aparellos móbiles de última xeración coa posibilidade de establecer como idioma predeterminado o galego; e que mellor que os días previos á celebración do día máis importante para a cultura galega para facelo.

XUÑO

O supercomputador Finis Terrae inaugurouse oficialmente

O 12 de xuño inaugurouse oficialmente en Santiago de Compostela o super-

computador galego Finis Terrae, que é un dos equipos con máis memoria compartida de Europa (conta con 390.000 Gb de disco e 1.000.000 Gb na libraría robotizada de cintas), que prestará servizos de cálculo intensivo e comunicacións aos investigadores do CSIC e a comunidade científica en xeral, especialmente nas áreas da nanotecnoloxía, ciencias da vida, ciencias do mar, novas enerxías e supercomputación.

O novo supercomputador, sito no Centro de Supercomputación de Galicia, leva un tempo traballando en probas, e a súa posta de longo celebrouse co gallo dunha xornada técnica no Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas. Distintas autoridades encabezadas polo presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, visitaron as instalacións do CESGA, e o Centro Galego de Arte Contemporánea acolleu un acto de presentación oficial.

XULLO

Presentan a Enciclopedia Galega Universal en Internet

A Enciclopedia Galega Universal (http://www.egu.es/) en Internet de Ir Indo presentouse oficialmente en Santiago de Compostela, polo que o proxecto dirixido por Bieito Ledo encamiñado a difundir a través da web toda a información posible referente ao coñecemento universal na nosa lingua xa é unha realidade.

Esta nova obra virtual está na súa fase beta 1.0 e xa ofrece máis de 200.000 entradas actualizadas, 20.000 mapas, 50.000 fotografías, material didáctico para profesores e alumnos, ademais de varios xogos e concurso.

Cómpre destacar que a nova páxina web incorpora tecnoloxía text-to-speech achegada por Verbio, que permite a lectura a viva voz das entradas máis curtas, facilitando así a accesibilidade a persoas con problemas de visión.

A presentación desta nova obra en formato electrónico contou coa presenza de Bieito Ledo, director da obra; Senén Barro, reitor da Universidade de Santiago de Compostela; Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega; Helena Veiguela, directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información; e Anxo Quintana, vicepresidente da Xunta de Galicia, asegurou que a Enciclopedia Galega Universal en Internet será unha obra pioneira que suporá un antes e un despois para a presenza de Galicia e do noso patrimonio cultural e lingüístico na Sociedade da Información.

AGOSTO

O supercomputador do CESGA bate a marca mundial de resolución de incógnitas

Un grupo mixto de investigadores das Universidades de Estremadura e Vigo xunto con técnicos do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) vén de resolver un problema electromagnético de 150 millóns de incógnitas empregando para iso o superordenador Finis Terrae instalado no CESGA.

A cifra da anterior marca mundial (a cargo dun grupo de investigadores turco) estaba en 85 millóns de incógnitas, cantidade que os españois superaron de xeito rotundo sen empregar nin a metade dos 142 nodos cos que conta o Finis Terrae.

Este inverno, os científicos seguirán traballando para superar este reto e teñen a perspectiva de acadar os 250 millóns de incógnitas, tamén grazas ao soporte do supercomputador do CESGA.

A aplicación empregada no reto (HEMCUVE++) é o resultado dun proceso de desenvolvemento continuado do equipo investigador, iniciado no ano 1999 a través dun proxecto financiado por NAVANTIA. O obxectivo puido cumprirse grazas á estreita colaboración existente entre os investigadores e os técnicos responsables do Finis Terrae. Para abordar esta simulación foi necesario empregar tan só 64 dos seus 142 nodos, o que equivale a 1024 núcleos de proceso e 5,4 Terabytes de memoria RAM. Os cálculos completáronse en 6 horas, das que 3 horas e media foron empregadas na inicialización do algoritmo.

O galego xogou un papel moi importante no 2008 ao aparrecer en diversas aplicacións informáticas

SETEMBRO

Política Lingüística e Ineo dan a coñecer os detalles da iniciativa para introducir o galego nos móbiles

O galego é un valor, xa non só como piar da nosa identidade, senón tamén como fonte de riqueza no económico. Con estes termos clausurou hoxe a secretaria xeral de Política Lingüística (Marisol López) o acto oficial de presentación dunha campaña a catro bandas (participan o dito departamento, Ineo, cinco operadoras e outros tantos fabricantes) dirixida a corrixir unha eiva de anos: o baleiro da nosa lingua na meirande parte dos servizos de telefonía móbil (agás honrosas excepcións procedentes de Euskadi). A presentación da iniciativa O teu móbil en galego (http://www.oteumobilengalego.com/), organizada no Hotel Monumento San Francisco de Santiago, complementou o que ben se pode entender como o miolo do encontro deste mércores: a sinatura do convenio que senta os alicerces do programa, no que participaron Marisol López, Jorge Cebreiros (Ineo) e os representantes das cinco compañías operadoras (Orange, R, Telefónica Móviles, Vodafone e Yoigo) e das cinco fabricantes (Alcatel, Morotorola, Nokia, Samsung, Sony Ericsson) que participan nesta aposta polo galego no tecnolóxico.

A idea de Política Lingüística (promotora da iniciativa) non é outra que achegarlle a lingua galega aos usuarios e usuarias de telefonía móbil que queiran empregar o galego no seu trebello. O movemento de ficha das operadoras, que en boa maneira se fixo agardar ao longo destes anos, contará coa asociación empresarial galega Ineo en materia de coordinación e mediación, facendo de ponte entre a Xunta e as compañías de telecomunicacións.

OUTUBRO

Condenan a 6 meses de cadea a un poiense por crackear unha aplicación informática

O Xulgado do Penal nº 3 de Pontevedra condenou a un usuario da Internet coñecido baixo o alcume de P.Power a 6 meses de cadea e a unha indemnización de 5.000 euros á empresa Soft por un delito continuado contra a propiedade intelectual no que sería a primeira sentenza condenatoria en España por desprotexer un programa informático segundo a consultora Landwell-PricewaterhouseCoopers, que exerceu como parte demandante e tamén se encargou da identificación do acusado e de prover de probas para incriminalo.

O fallo responsabiliza ao usuario de desprotexer o programa Presto de Soft, que serve para a elaboración de presupostos para proxectos de empresas da construción, de xeito que se podía empregar sen a pertinente licenza de uso. P.Power tamén publicaba a aplicación en plataformas P2P coma o eMule, o que causou un importante dano económico ao demandante, que tamén vía coma as versións piratas da súa aplicación afectaban negativamente á súa imaxe por xerar erros de cálculo.

NOVEMBRO

Imaxin presenta o primeiro tradutor automático de inglés ao galego e viceversa

Imaxin, empresa galega en boa medida responsable da posta en marcha do primeiro tradutor automático para todas as linguas do Estado, o OpenTrad, vén de aproveitar a súa experiencia para ampliar as posibilidades do devandito servizo: tanto en cuestión de utilidade como facilitando a conexión de Galiza con outras linguas e culturas. A ferramenta, que como todo recurso de software libre comparte certas características cos usuarios destas e doutras ferramentas (coma aqueles, nace para medrar e adquirir coñecemento), enche logo das melloras un baleiro tecnolóxico-cultural: o compartido polos galegos e os falantes da segunda lingua con máis presenza no mundo, logo do chinés mandarín: os ingleses. Máis en detalle, a ampliación do servizo OpenTrad feita por Imaxin permitirá por vez primeira a tradución automática de páxinas web redactadas en inglés á nosa lingua, e viceversa.

O recurso, que foi presentado na súa primeira etapa de evolución no Club Internacional de Prensa de Santiago, é segundo os seus responsables algo máis que unha ferramenta informática aberta. É unha porta, un acceso e unha canle para un meirande alcance do entendemento, a comunicación e a divulgación.

DECEMBRO

A Fundación Mozilla recoñece a oficialidade da versión en galego do Firefox

O navegador web da Fundación Mozilla chegou á súa versión 3.0.5, corrixindo certos fallos de seguridade, mellorando a súa estabilidade, corrixindo certos problemas de accesibilidade, engadido a posibilidade de enviar informes de erro específicos de cada sistema operativo e, espacialmente, incorporando coma linguas oficiais da aplicación ao bengalí, o esperanto, o letón, o hindi e o galego.

Deste xeito o Firefox 3.0.5 sería a primeira versión do navegador aberto que se distribuiría en galego oficialmente tras un período de probas de dous meses e medio que comezou coa versión 3.0.3 da aplicación.

Para que este proceso de galeguización do Firefox tivese éxito foi precisa a intervención da Consellaría de Innovación e Industria, que facilitou a interlocución coa Fundación Mozilla, que agora colabora con Mancomún para que sexa unha realidade o navegador web libre nativamente en galego (sen precisar de extensións engadidas para a tradución, coma se fixera en anteriores versións).

Innovación presenta Galinux, o sistema operativo libre en galego

O conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Blanco, presentou en Santiago de Compostela, o agardado Galinux, un completo sistema operativo de fontes abertas configurado para "*facilitarlle, a todos os galegos e galegas, o uso do seu ordenador integramente en galego e con aplicacións informáticas libres e de balde*".

Trátase dunha ferramenta na que Mancomún, o Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza, leva tempo traballando a reo, a fin de ofrecerlle á cidadanía galega en xeral e aos responsables de empresas e da administración pública en particular, un escritorio ofimático multimedia de fácil manexo e integramente na súa lingua nai.

Este novo sistema operativo fiable e completamente en galego, está baseado en Ubuntu, e ademais de tódalas funcionalidades típicas dun sistema operativo privado, incorpora os principais aplicativos, como o popular navegador web Firefox, as aplicacións de ofimática incluídas no OpenOffice.org, un corrector ortográfico de galego, clientes de correo electrónico, un programa de retoque fotográfico, reprodutores de son e vídeo, gravador de CD e DVD… todo con actualizacións permanentes de balde, que serán distribuídas cada certo tempo para manter o equipo ao día.

BENESTARGALIZA.ORG: EN AXUDA DOS DEMAIS

VICEPRESIDENCIA ESTREA UNHA WEB ENCAMIÑADA A INFORMAR SOBRE AS SÚAS ACCIÓNS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS

A fin de dar a coñecer todas as políticas e actuacións que leva a cabo, a Secretaría Xeral do Benestar vén de pór en marcha un novo portal web que, substituíndo á anterior ferramenta, céntrase case exclusivamente na Lei de Servizos Sociais. Esta nova páxina, Benestargaliza.org, compartirá espazo na Rede con Coidanet (www.coidanet.com), a páxina da autonomía persoal e coidado que o mesmo organismo ten activado para axudar ás persoas que se atopan nalgún tipo de situación de dependencia.

O obxectivo do portal BenestarGaliza é, segundo anuncian os seus responsables, "*construír un sitio web de referencia dende unha perspectiva divulgativa para ofrecer toda a información precisa aos seus usuarios*".

A web vai dirixida á cidadanía en xeral pero máis concretamente, ás persoas interesadas nas actuacións e servizos que se ofrecen en materia de servizos sociais, así como aos profesionais e traballadores dos servizos sociais, que aí poden atopar información de interese para a súa actividade profesional.

Contidos

No novo portal pódese atopar información sobre todos os plans e programas que se desenvolven dende a Administración autonómica, así como información sobre as prestacións ás que calquera persoa ou colectivo pode acceder, con acceso a documentos, normativas e procedementos para a súa presentación. Existe, asemade, un exhaustivo sistema de acceso á documentación de textos normativos e lexislación, á que se pode acceder tanto por temática de interese como polo seu ámbito xeográfico de actuación.

A web encargarase ademais de dar información sobre a porta de entrada ao Sistema Galego de Benestar, así como a todos os datos necesarios sobre o sistema galego de atención á dependencia. Os usuarios tamén se poden achegar a un sistema de arquivo de documentos de interese, con informes dispoñibles, material divulgativo, plans de actuación ou guías.

No ámbito dos profesionais, o portal tamén informará sobre os contidos da oferta formativa en cada contido especialmente interesante para os profesionais dos servizos sociais. Igualmente, a páxina permite achegarse aos organismos de participación, á información das principais entidades colaboradoras do ámbito privado e público, así como á actualidade e enlaces doutros sitios web específicos.

Na páxina de inicio destácanse sobre todo dúas grandes actuacións dentro das políticas de benestar levadas a cabo pola Vicepresidencia. Trátase da información básica e das actuacións do Sistema Galego de Atención á Dependencia e da información sobre a recentemente aprobada Lei Galega de Servizos Sociais. Ademais destes dous temas centrais, na portada tamén se pode acceder a cada unha das seccións e categorías e hai un acceso destacado ao Teléfono Social, co que calquera persoa pode facer consultas sobre as cuestións que precise. Así mesmo, pódese entrar nas publicacións sobre normativa e accesibilidade e no mapa de equipamentos e servizos sociais. Aí pódense consultar os centros, recursos e equipamentos existentes nun determinado ámbito xeográfico.

Seccións

O portal do benestar confórmase sobre as catro áreas integradas na Secretaría Xeral do Benestar: autonomía persoal, inclusión social, infancia e adolescencia e xuventude e solidariedade. Na área de autonomía persoal recóllense todas as actuacións que pretenden afrontar ou previr as situacións de dependencia persoal.

No apartado de inclusión social está a información orientada á integración e á prevención de situacións de exclusión. Aquí teñen a súa maior visibilidade os servizos sociais comunitarios, que xogan un papel fundamental neste ámbito.

Na sección de infancia e adolescencia agrúpanse tres grandes ámbitos, prevención, protección e reeducación de intervención. E por último, no apartado de xuventude e solidariedade, o webmaster colocou unha ligazón directa ao portal de Xuventude.net, ao que pode acceder calquera usuario ou usuaria interesada nas actividades de tempo libre, campamentos de verán, saúde, lecer e cultura, turismo xuvenil ou vivenda, entre outros moitos temas destinados ao benestar dos mozos e mozas galegos.

Querote.org fai reconto do acadado

A Rede Galega de Centros de Asesoramento Afectivo-Sexual, Quérote, vén de dar conta do total de consultas que atendeu a través da súa páxina web dende a súa posta en funcionamento hai dous anos, tamén por Vicepresidencia.

O número de mozas e mozos galegos atendidos por Quérote.org ao longo deste tempo foi de 5.000 en toda Galiza, unha cifra que pon de manifesto o éxito acadado por este servizo posto en marcha pola Dirección Xeral de Xuventude para cubrir as necesidades da xuventude galega en materia de información afectivo-sexual.

A meirande parte das consultas rexistradas a través da web foron realizadas por mulleres (un 69 por cento) e o grupo que máis consultas fixo por idades foron os mozos e mozas de entre 16 e 20 anos (46 por cento), seguido dos grupos de entre 11 e 15 anos e de entre 21 e 25 anos.

Segundo indicaron os seus responsables, isto pon de manifesto que, polo xeral, "*é o sector máis mozo da poboación o que escolle a consulta a través da web, mentres que as persoas de máis idade prefiren achegarse persoalmente aos centros da Rede Quérote para expoñer as súas dúbidas*".

Este sistema electrónico garante o acceso igualitario de todas as persoas á información afectivo-sexual, independentemente do lugar no que residan e da hora que o soliciten polo que é unha ferramenta ideal para aqueles usuarios que non dispoñan dun centro Quérote na súa localidade ou que non teñan horarios axeitados para acudir de xeito presencial.A Rede de Centros Quérote atende as consultas tanto de xeito presencial como a través da súa web, medio este último que se erixiu como o máis empregado polas persoas que solicitan información. De feito, o 60 por cento das consultas recibidas no primeiro semestre deste ano foron a través da web.

A confidencialidade, a rapidez na resposta, a profesionalidade e o acceso e gusto da xuventude polos medios tecnolóxicos converten á consulta electrónica no medio máis valorado á hora de facer consultas arredor de sexualidade.

AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN
OU TRANSFORMACIÓN DE

VEHÍCULOS EFICIENTES

ÚNETE Á FÓRMULA

— CONSUMO E — CO_2 = + AXUDAS

CONSEGUE AXUDAS DE ATA 6.000 €

NOS CONCESIONARIOS OU TALLERES AUTORIZADOS

PLAN DE AXUDAS PARA:

- Vehículos novos eléctricos, híbridos ou alimentados con gas natural, GLP ou hidróxeno.
- Vehículos usados transformados para ser alimentados con GLP.

Ata o 30 de Agosto de 2009 ou remate de fondos

Máis información en www.inega.es

ESTRATEXIA DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA EN ESPAÑA (E4)
PLAN DE ACCIÓN 2008-2012
MEDIDA DE "RENOVACIÓN DO PARQUE AUTOMOBILÍSTICO DE TURISMOS"

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

inega
INSTITUTO ENERGÉTICO DE GALICIA

IDAE

cámbiache o conto
con R tes atención ao cliente gratuíta
as 24 horas os 365 días do ano
infórmate gratis no 1445
mundo-R.com

NETBOOKS, OS ULTRAPORTÁTILES DE BAIXO CUSTO

No Nadal de 2006 o produto tecnolóxico máis perseguido en boa parte do mundo era a consola doméstica de Nintendo, a Wii, que en 2007 pasaría a un segundo plano coa chegada do iPhone, e aínda que tanto a Wii coma o móbil de Apple continúen a ter moita forza, non cabe dúbida de que 2008 é o ano dos ultraportátiles de baixo custo, que pouco a pouco se van coñecendo coma netbooks

Comparación de tamaño entre un portátil de Apple e un netbook

Os ordenadores portátiles non se corresponden axeitadamente co seu nome, e aínda que se poden transportar, tenden a ter un peso bastante elevado, un grande tamaño e unha baixa autonomía, de aí que se pense nos mesmos coma escritorios informáticos transportables, mentres que moitos usuarios demandan un tipo de equipo máis transportable e que se poida empregar en viaxes, na asistencia a cursos ou en cafeterías, polo que naceron dúas novas categorías de portátiles: os subnotebooks e os ultraportátiles. Os primeiros serían equipos reducidos que funcionan con sistemas operativos coma o Windows CE ou o Palm OS, mentres que os segundos se corresponden con ordenadores completos, aínda que cunhas prestacións un tanto reducidas (para poder conter o seu tamaño, peso e consumo).

Os subnotebooks levan no mercado dende 1989, tendo cada vez máis potencia e achegándose ao que sería un ordenador tradicional, de aí que hai pouco máis de 2 anos comezasen a chegar ao mercado terminais dun tamaño superior a unha PDA pero coa potencia dun ordenador (coma o Samsung Q1 ou o OQO), podendo, entre outras cousas, funcionar co sistema operativo Windows XP, pero cuns prezos moi superiores aos dos portátiles ordinarios, polo que quedaron relegados a usos profesionais.

Pero o punto de inflexión no sector non chegou ata que Nicholas Negroponte anunciou en 2005 que estaba a traballar nun proxecto que procuraba achegar portátiles de baixo custo aos nenos dos países en vías de desenvolvemento abraiando ao asegurar que estes equipos custarían só 100 dólares en 2008, e aínda que os obxectivos do proxecto One Laptop Per Child (OLCP) están moi lonxe de alcanzarse, esta idea levou a varios fabricantes a deseñar equipos portátiles que se asemellasen ao soño de Negroponte, pero cunha vocación comercial, sendo o grande expoñente desta revolución o Asus Eee 701 PC, que se pode considerar coma o pioneiro, aínda que en poucos meses quedou totalmente obsoleto.

A pantalla

Un dos principais atrancos para a adopción masiva dos primeiros Asus Eee foi que contaban cunha pantalla de só 7 polgadas cunha resolución de 800 x 480 píxeles, que é claramente insuficiente para a meirande parte das aplicacións actuais e incluso para navegar pola web, polo que na actualidade os equipos son case en exclusiva de 8,9 ou 10,2 polgadas, o que lles permite unha resolución de 1.024 x 600 píxeles (mellorada en casos puntuais) de xeito que as aplicacións web se desenvolven axeitadamente en pantalla e o tamaño é o suficientemente grande como para permitir unha lectura máis agradable, así como a colocación dun teclado no equipo que teña unhas teclas dun tamaño semellante ao dun portátil tradicional (mentres que os teclados de equipos con pantallas de 7 polgadas só parecen axeitados para nenos).

A autonomía

De xeito xeral podemos entender que os ultraportátiles de baixo custo inclúen de serie unhas baterías que segundo o modelo subministrarían unha autonomía de entre 2 e 5 horas, aínda que en casos puntuais coma o do Samsung NC10 se fala dunha duración de 7 horas e media, de xeito que é posible empregar un destes equipos, por exemplo, para tomar apuntes en clase, o que cada vez parece menos raro nas aulas universitarias, polo que o salto que supoñen para o público este tipo de equipos aínda está por chegar.

O sistema operativo

Cando se lanzaron os primeiros Asus Eee se falaba moi positivamente do feito de que incluísen o sistema operativo Linux de serie, pero pouco a pouco o Windows XP (que atopou nos netbooks unha segunda mocidade) foi gañando terreo e actualmente 8 de cada 10 equipos o inclúen de fábrica. O XP está a converterse na norma para estes equipos, aínda que nos últimos modelos tamén é posible utilizar satisfactoriamente Windows Vista (especialmente nos ordenadores con 2 Gb de RAM).

Incluso hai usuarios que foron quen de facer funcionar unha versión modificada do Mac OS X neste tipo de equipos, o que os converte nos Mac máis portátiles que existen (por moito que lle pese ao Macbook Air). Na web incluso se fixo moi popular unha modificación dun MSI Wind que se lle deu forma dun inexistente Macbook nano (dando a entender que se trata dun ultraportátil de Apple).

O prezo

Hai que insistir que ao falar de ultraportátiles de baixo custo non nos estamos a referir a portátiles baratos (pois o seu prezo é practicamente igual ao doutros portátiles moi superiores en prestacións) senón que nos referimos a un baixo prezo dentro da gama de equipos de alta portabilidade, xa que hai pouco máis dun ano estes equipos estaban máis preto dos 2.000 euros que dos 300-400 euros nos que nos movemos actualmente.

Aínda que os vellos Asus Eee se poidan atopar agora a 199 euros, o prezo habitual nos netbooks está entre os 299 e os 399 euros, dependendo das prestacións incorporadas, o que está a resultar moi atractivo para o público medio, que ve unha oportunidade de facerse cun equipo secundario ideal para o seu uso fóra da casa ou da oficina, aínda que nos últimos meses parece que os prezos se estabilizaron, para permitir unha mellora de prestacións (máis memoria RAM, maior capacidade de disco duro, conectividade Bluetooth…).

As limitacións

Pero, ¿qué cousas non permite facer un ultraportátil? Os netbooks están principalmente limitados polo seu reducido tamaño (o que tamén é a súa grande virtude) pois a pantalla pequena impide facer un uso intensivo do mesmo ou , como pouco, reduce a produtividade fronte ao PC, mentres que a nivel de potencia estariamos ante un equipo equivalente aos ordenadores portátiles de hai 3 anos, o que lle vale á meirande parte dos usuarios para usos ofimáticos e para navegar pola Rede, de xeito que os usos para os que non se deberían utilizar estes ordenadores serían para tarefas de cálculo intensivo ou para a visualización ou creación de contidos en alta definición (para os que a pantalla e a potencia do procesador quedarían curtas). Ou sexa, que case calquera cousa que se podía facer cun ordenador ordinario de hai poucos anos pódese facer tamén nun ultraportátil.

Tamén podemos contar como limitación que non contan con unidade de discos ópticos, o que se pode suplir por USB (tanto con memorias coma con lectoras/gravadoras externas) o que permite alixeirar o equipo e reducir o seu consumo.

Tendencias

Podemos agardar que os netbooks (marca que está a impulsar Intel para definir ao ultraportátiles, pese a que se utilizase anterioridade para os subnotebooks de Psion) se convertan na auténtica alternativa ao ordenador portátil, o que podería reforzar a figura do ordenador de sobremesa, pois un portátil de altas prestacións ten un prezo moi semellante a un equipo de escritorio e un ultraportátil xuntos, pero sumando un rendemento e unhas funcións moi superiores.

Tamén se converteu en estándar que os equipos funcionen co procesador Intel Atom N270 (considerándose totalmente marxinais os procesadores Celeron ou VIA), aínda que nos vindeiros meses veremos coma chegan versións máis avanzadas de dobre núcleo que os achegarán cada vez máis a uns equipos actuais, conservando o seu reducido consumo.



De esquerda a dereita:Negroponte presentando o seu suposto ordenador de 100 dólares, o Samsung NC10 destaca por prometer unha autonomía de ata 7 horas e media e oUltraportátil MSI Wind funcionando con Mac OS X

PREMIOS PARA OS INTERNAUTAS MÁIS VERDES

LOGO DA EXPERIENCIA DO PASADO ANO, BOSQUEVIRTUAL.COM, APOSTA DE NOVO POLA REDE PARA PROMOVER AS SÚAS MENSAXES DE EFICACIA ENERXÉTICA

A Asociación de Internautas e Unión Fenosa veñen de unir forzas a prol do emprego responsable da enerxía entre os usuarios das ferramentas dixitais. O acordo, que foi dado a coñecer recentemente en Madrid, abrangue unha serie de accións futuras encamiñadas a evitar, na medida do posible, o estragamento de enerxía no ámbito dos fogares e dos seus accesos á era dixital e das telecomunicacións.

A iniciativa, na que tamén participan a Asociación Pro Dereitos Civís e Económicos (ADECES), a Unión de Consumidores (UC) e a Unión Nacional de Consumidores e Amas de Fogar de España (UNAE), representa en boa maneira un reforzamento das políticas que a empresa enerxética está a levar a cabo en materia de loita contra o cambio climático.

O convenio, que entre outras cousas albisca a realización de guías e estudos sobre eficacia enerxética, apoia unha boa parte da súa teoría e práctica no emprego da Internet: tanto como canle de difusión primordial dos obxectivos como eido mesmo de actuación da campaña. Dito doutro xeito: o acceso á Rede, amais de apoio á campaña, é un dos grandes motivos da súa posta en marcha, sobre todo para evitar a perda de recursos vinculados a ela.

Esta colaboración coa Internet comeza a reflectirse a finais de decembro, coa posta en marcha dun xogo en liña de Unión Fenosa dirixido a concienciar sobre a importancia de consumir eficazmente. A iniciativa, chamada Efiquest (www.efiquest.es), recoñecerá con premios a aqueles usuarios que teñan máis e mellores coñecementos en materia de optimización do gasto enerxético.

> A iniciativa ten como obxectivo compensar as emisións de CO2 con aquilo que lle é contrario: o osíxeno achegado pola masa vexetal

Os participantes, asemade, terán á súa disposición ferramentas de creación de grupos de amigos ou empresas para pór en marcha retos que posibiliten a obtención dun meirande número de puntos. Segundo informou a compañía, a razón de ser do xogo non é so informativa e divulgativa senón tamén de acción no sentido máis estrito do termo. De feito, por cada participante que se inscriba, Fenosa comprométese a doar un euro ao proxecto de conservación da Selva Atlántica de Brasil. Asemade, por cada blogueiro que colabore no devandito certame, a empresa achegará cinco euros. Sinalar a maiores que a iniciativa é unha continuación doutra proposta previa, Bosquevirtual.com, unha web participativa posta en marcha (ao igual que Efiquest) coa organización sen arela de lucro Accionatura.

O obxectivo de unha e outra: compensar as emisións de CO2 con aquilo que lle é contrario: o osíxeno achegado pola masa vexetal.



Imaxe obtida en Flickr da man de Lucanicae

Bosquevirtual.com mobilizou a case 55.000 internautas

O compromiso da empresa española a prol dunha nova cultura enerxética remóntase a antes da posta en marcha de Efiquest e da colaboración coa Asociación de Internautas. Na Rede, o seu traballo a prol do sostible aparece estreitamente ligado á páxina web Bosquevirtual.com, un proxecto de raizame ecoloxista e que, como unha boa parte dos proxectos que nacen co sufixo "*.com"* no seu nome, participa de dous mundos: do real e do virtual. No que se refire ó seu funcionamento, dicir que as persoas que actuaron nel (até o de agora, un total de 54.782 internautas) viron representadas no mundo figurado Second Life (www.secondlife.com) as súas accións particulares a prol da natureza real. Para participar na iniciativa, que tivo 570.000 visitas ao longo de medio ano, foi preciso completar na web www.bosquevirtual.com o cuestionario do Índice de Eficiencia Enerxética no Fogar. Por cada dúas persoas que o fixeron, plantouse unha árbore no Second Life e, por cada índice que se completou, Fenosa doou un euro a Accionatura, organización española dedicada á protección e mellora dos ecosistemas naturais. Cómpre sinalar que esta ONG, entre outras cousas, dedícase arestora a reforestar a selva atlántica do Brasil, coa finalidade de contribuír á redución de gases causantes do quecemento da atmosfera.

Neste intre, mentres redactabamos este texto en Código Cero (na recta final de decembro de 2008), contabilizamos doazóns dos internautas por valor de 64.000 euros, o que representa 316 hectáreas repoboadas e máis de 27.400 árbores plantadas.

O DÍA EN QUE PAPÁ NOEL E OS REIS MAGOS SE DERON DE ALTA

A EMPRESA GALEGA DYGRA COLABORA NA PRIMEIRA CAMPAÑA PUBLICITARIA QUE SE LEVA A CABO EN ESPAÑA SOBRE TECNOLOXÍA DIXITAL 3D PARA O CINEMA

Se o pesadume económico ten relación directa coa maré de ladrillo que asolaga unha boa parte do mundo, o optimismo virá neste intre dende o polo contrario. Para Manolo Gómez, director da firma galega Dygra, a fonte de boas perspectivas de desenvolvemento está ben localizada por unha boa parte da sociedade do noso país. A crise, que ben pode significar un cambio de ciclo, tamén é posible que sexa un xeito de mudalo todo para que mellore. Esta fonte, que ten que ver coñecemento e coa imaxinación, coa creatividade (o máis exportable dos produtos), é a xuízo de Gómez unha parte fundamental do acordo presentado hai uns días en Compostela entre a empresa que dirixe e Telefónica Movistar.

O acordo, que nun principio abrangue actividades conxuntas até 2010, xa está comezando a dar froitos neste intre. Sen ir máis lonxe, calquera cidadán galego que teña un televisor pode albiscalos estes días en todas as cadeas en primeira liña de visión. Trátase do spot publicitario da operadora para este Nadal, unha peza que xa se pode ver en YouTube (www.youtube.com/user/movistar) e que a maiores constitúe a primeira experiencia publicitaria elaborada con tecnoloxía Dixital 3D para o cinema no eido do territorio estatal.

A responsabilidade de Dygra na fabricación do spot, que se proxectará en formato estereoscópico en 32 salas españolas, non pode ser máis ampla: da empresa galega son a feitura, a tecnoloxía e os personaxes, a achega innovadora en definitiva. Por certo que o nivel de alcance da peza publicitaria tamén semella ter amplitude. De feito, inclúe un plan de comunicación 360º que situará o spot en todo tipo de soportes: TV, cinema, radio, prensa, publicidade exterior, Internet, SMS ou MMS. Por se isto fose pouco, cómpre ter en conta a presenza internacional de Telefónica, activa arestora en máis de 20 países, o que significa fóra de toda dúbida un pulo extra para as actividades estratéxicas de Dygra e, a xuízo de Manolo Gómez, para toda a industria galega do sector.

Argumento

A presentación do spot, que contou no Club Internacional de Prensa de Santiago coa presenza do devandito Manolo Gómez e máis de José Ángel Veiga, director territorial de Telefónica en Galicia e Asturias, tivo o seu propio argumento. En boa medida, foi unha breve historia de superación de dificultades, todas elas achegadas polas malas condicións climáticas e polos retrasos ocasionados entre uns e outros participantes na presentación. Porén, o acto de posta en longo puído saír adiante e os medios mantiveron contacto directo coa campaña que se estrea hoxe nas televisións e co seu argumento: unha especie de loita entre tradicións do Nadal, a de Papá Noel e os Reis Magos, que rivalizan entre eles "de xeito cómico e respectuoso" para ver quen dá entregado o mellor agasallo. O spot, que como é natural inclúe alusións directas á operadora (as dúas partes encontradas queren traballar para Movistar), contou en labores de dobraxe con actores como Anabel Alonso, Iván Muelas (que é a voz habitual de Will Smith) ou Pepe Mediavilla (que dobra decote ao actor Morgan Freeman).

Máis detalles sobre o achegamento

O achegamento entre Telefónica Movistar e Dygra complétase cun terceiro apoio: o que veu da man da axencia McCann, fundamental segundo indicaron Gómez e Veiga á hora de poñer en contacto ás dúas empresas e desenvolver a creatividade entre os personaxes como prescriptores da promoción que a operadora ten desenvolvido para os seus usuarios este vindeiro Nadal. O pacto presentado en Compostela, que non é novo (as compañías, como subliñou Gómez, veñen colaborando anos) serviu tamén para afondar nos detalles dun desenvolvemento innovador, a tecnoloxía Dixital 3D estereoscópico, que fundamenta en boa medida o presente e o futuro de Dygra no eido da animación.

Nova tecnoloxía en 3D

Como dixemos, durante o acto falouse abondo dun dos principais piares do anuncio presentado: a tecnoloxía estereoscópica que emprega. Esta característica converteuse en especialmente visible a partir da estrea nos cinemas da campaña de Movistar prevista para o día 19 de decembro. "*O público das 32 salas nas que se proxectará con esta tecnoloxía dixital"*, sinalaron Dygra e Movistar, "*recibirá unhas lentes polarizadas especiais que lles permitirán visualizar de xeito correcto a creatividade*". Co sistema, engaden, o espectador recibe dúas imaxes ao mesmo tempo, unha para cada ollo, que o cerebro se encarga de interpretar e converter en tres dimensión grazas ás lentes devanditas.

Holy Night: o novo de Dygra

Durante a presentación celebrada no Club Internacional de Prensa, Manolo Gómez achegou unha serie de detalles sobre os camiños a seguir pola empresa que dirixe en materia de animación e compromiso tecnolóxico. Máis polo miúdo, falou de Holy Night, a película en 3D que ten prevista a súa estrea para o Nadal do ano vindeiro e que constitúe a gran aposta de Dygra polo dixital estereoscópico, unha técnica que a xuízo de Gómez vai ser o gran acontecemento cinematográfico mundial dos anos próximos, sendo o dito filme galego o primeiro a nivel europeo en vir apoiado sobre este soporte. Porén, Dygra semella querer apostar por un emprego xustificado desta tecnoloxía: *"Para nós é unha ferramenta ao servizo da narración, non ao servizo do simple espectáculo"*, subliñou Gómez. En certa maneira, o anuncio presentado en Compostela constitúe un avance doutra presentación: a do novo camiño de Dygra á procura de expresións e formatos innovadores. Asemade, engadiu o director do selo galego, estamos a falar dun camiño no que hai compañeiros inesperados de viaxe: as industrias das telecomunicacións e das novas tecnoloxías da información. Neste senso, falar de que o audiovisual e as redes da comunicación están condenadas a atoparse é non dicir nada novo. A realidade vén deste xeito: uns precisan dos outros e viceversa. Os tempos, neste senso, corren as présas: *"Hai 10 anos, a metade do mundo nunca fixera unha chamada, e hoxe en día a metade do planeta xa ten móbil*", sinalou Gómez, e engadiu: *"E Galicia ten que entrar xa nesta nova revolución"*.

A REVISTA TIME CUALIFICA AO GTA IV COMA O XOGO DO ANO

Cando remata o ano a revista Time ten por costume realizar listaxes co mellor do ano en distintas categorías, o que serve tamén para abrir certo debate sobre as listaxes elaboradas, e nesta ocasión queremos chamar a atención sobre o que consideran que son os 10 mellores xogos do ano, situando nun lugar destacado o Grand Theft Auto IV, que foi todo un éxito para Xbox 360 e PS3 e agora chega tamén para PC, que sobre o que non parece que haxa dúbidas sobre que foi o lanzamento do ano.

Os seguintes títulos son máis curiosos, pois sitúan ao xogo descargable a través do Bazar de Xbox LIVE Braid por diante do LittleBigPlanet de PlayStation 3 (que é a grande esperanza de Sony para revitalizar a súa consola de alta definición), estando seguidos por un par de secuelas que eran un auténtico éxito seguro: Rock Band 2 e Gears of War 2.

No sexto posto se colou unha das sorpresas do ano, Dead Space, seguindo por El Poder de la Fuerza, o xogo en Flash Hunted Forever, o xogo para o iPhone Fieldrunners e o xogo para PC Spore.

Si, parece que a listaxe está elaborada precisamente para meter ruído, pois colar un pouco coñecido xogo para o iPhone e un xogo en Flash dentro dunha chea de supervendas non parece moi atinado, así como tamén se podería discutir a presenza de Spore na listaxe, pois moitos xa o consideran como a decepción do ano (aínda que sexa o título máis pirateado este ano para PC).

Curiosamente, noutra das listaxes de Time, a correspondente aos 10 trebellos electrónicos máis importantes do ano, parece querer provocar coa incorporación no 10º posto a plataforma PlayStation Home que se podería estrear a vindeira semana e que se trata de software, polo que non encaixaría nin en categoría nin en ano (é un futuro lanzamento, pois aínda está nunha fase de probas pechada).

Curiosamente, noutra das listaxes de Time, a correspondente aos 10 trebellos electrónicos máis importantes do ano, parece querer provocar coa incorporación no 10º posto a plataforma PlayStation Home que se podería estrear a vindeira semana e que se trata de software, polo que non encaixaría nin en categoría nin en ano (é un futuro lanzamento, pois aínda está nunha fase de probas pechada).

ROCK BAND SUPERA OS 28 MILLÓNS DE CANCIÓNS DESCARGADAS

Antes incluso do lanzamento de AC/DC LIVE: Rock Band Track Pack (que chegou ás tendas a mediados de decembro) a xente de Electronic Arts e Harmonix anunciou que as anteriores entregas de Rock Band a través da súa plataforma de descargas para Xbox 360 e PlayStation 3 conseguiron sumar un total de 28 millóns de cancións dende os seus comezos o que podería supor unha facturación superior aos 38 millóns de euros (aínda que é difícil de ponderar xa que os pagamentos se realizan en distintas moedas e incluso con cartos virtuais que cambian de prezo segundo o volume adquirido).

Na actualidade están dispoñibles máis de 345 temas de máis de 239 artistas de diferentes estilos, que son compatibles tanto con Rock Band como con Rock Band 2, agardando rematar o ano cun total de 500 cancións no seu catálogo.

Resulta destacable a cantidade de descargas acadadas polo feito de que a finais do pasado mes de marzo apenas se descargaran 6 millóns de cancións para Rock Band, polo que entendemos que o lanzamento de Rock Band 2 disparou as vendas de cancións.

BRAID SAIRÁ PARA PC A PRIMEIROS DE 2009

Os usuarios da Xbox 360 levan tempo podendo gozar dun excelente título independente que está á venda a través do Bazar de Xbox LIVE por 1.200 Microsoft Points (uns 14,4 euros) e que conquistou ao público e á crítica ata chegar a ser considerado coma o segundo mellor xogo do ano pola revista Time (só por detrás do Grand Theft Auto IV), pero este privilexio tamén se espallará ao PC segundo anunciou Jonathan Blow, desenvolvedor deste orixinal xogo que mestura plataformas con puzzles, quen prevé estrear a versión para PC do xogo para primeiros do ano que vén (posiblemente en febreiro ou marzo) xa que entre outras cousas non consideraron atinado lanzalo entre a vaga de grandes xogos que chegaron en outubro e novembro ás tendas de cara ao Nadal.

Tamén está en conversas para que lle adapten o xogo para funcionar de xeito nativo en Mac OS X, mentres que unha futura versión para PlayStation 3 non estaría descartada (dependendo do interese de Sony no xogo).

OUTRUN RENACE EN ALTA DEFINICIÓN

A máquina recreativa que en 1986 nos permitía colocarnos ao volante dun Ferrari Testarossa acompañados por unha moza loura para botar carreiras polas rúas de Miami se converteu en todo un clásico de xeito que non sorprendeu que en 2003 resucitase cunha secuela, que en 2006 saltou ás consolas do momento e que agora promete adaptarse á alta definición a través do xogo descargable OutRun Online Arcade que está a desenvolver Sumo Digital pensando no seu lanzamento para Xbox 360 e PlayStation 3 a primeiros de 2009.

O novo xogo contará con 10 modelos de Ferrari, 15 pistas baseadas en localizacións dos EE.UU., como de xogo en liña competitivo de ata 6 xogadores e 3 modos diferentes de xogo, polo que podemos entender que se trataría dunha versión mellorada do OutRun 2: Coast to Coast, polo que será moi interesante contrastar a resposta do anterior xogo editado tradicionalmente con este que se venderá como descarga para as consolas de nova xeración.


UN DE CADA DOUS INDIXENTES PASA FAME. O OUTRO TAMÉN.
Antonio Arias, 41 anos. Sen teito.
HOXE SON ELES. MAÑÁ, CALQUERA DE NÓS.
II PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL. FAGÁMOLO.
XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar
+bg sistema galego de benestar
UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo



Co Software Libre xogamos tod@s en Galiza

XUNTA DE GALICIA
CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información

mancomún
Centro de Referencia e Servizos de Software Libre